libros electrónicos

culturagalega.org

01

Roberto Ribao Anxos Sumai

¿Anxos ou diaños?

O luxo do cotián

Fresco. Así definiu unha vez un usuario o contido de culturagalega.org. Encantounos a definición: encaixaba no que nós buscabamos: unha visión contemporánea, áxil, para tódolos públicos, da cultura en Galicia. O Consello da Cultura Galega pensou dende o principio en culturagalega.org como unha plataforma de divulgación para atopar novos públicos para a cultura e a lingua de Galicia, que permitira mesturar rigor, credibilidade, calidade e entretemento no mesmo espacio.

Nin que dicir ten que cando xurdíu a idea de facer Anxos e Diaños -de aquela o portal aínda era un bebé-, a idea dos autores coincidíu exactamente co que nós buscabamos. Anxos ou Diaños é un pulso ás conversacións de rúa e dos cafés, ás impresións sobre os nosos espacios cotiáns, o consciente colectivo que observa a realidade inmediata e palpable do que lles rodea. O público entendéchedelo así, e rapidamente Anxos ou Diaños convertíuse nun dos espacios máis queridos dos nosos contidos de fin de semana.

Anxos ou Diaños era un experimento semanal, que foi capaz de rachar a frialdade do medio -unha aséptica pantalla de ordenador- a través da interactividade dos lectores, do esforzo de Anxos e Roberto para levar as súas impresións a pantalla. Foron moitas horas de esforzo compartido, para seren plasmadas nos aproximadamante 2.000 caracteres de cada un dos seus artigos. Pero sobre todo é un esforzo por facer algo distinto, por levar á lingua galega o que acontecía no día a día. Na súa apariencia informal, na súa aparente ás veces frivolidade, na fina ironía de Anxos ou na aguda retranca de Roberto estaba o esforzo por construír un espacio de normalidade para a nosa cultura.

Con Anxos ou Diaños, culturagalega.org quere abrir a súa propia serie de libros electrónicos. Cada vez son máis os usuarios que empregan o soporte para acceder a novas publicacións. Pero tamén quere facer agradecer o esforzo desinteresado dos autores por ofreceren frescura. Desfrútao.

FICHA



NOME: Roberto Ribao Fernández
VÉN DE: Ourense
É: Fotógrafo
CORREO: robribao@inicia.es

AUTOBIOGRAFÍA

Nacín nunha pequena aldea, preto de Ourense, ó pé mesmo dun galiñeiro. Quizáis por iso a miña primeira emoción forte foi ver un galo sen cabeza, correndo frenético polo curral, mentres meu avó sorría coa machada ensanguentada. Ese día decidín dedicarme ó cine e ós efectos especiais. Anos máis tarde, indo por unha corredoira detrás dunha rapaza, esvarei e fun dar cos fociños nunha bosta de vaca. Ese día decidín deixar de correr tras das rapazas e dedicarme á fotografía. Dende aquela non aconteceu nada tan relevante na miña vida. Entre esas cousas menos importantes están a de ter feito a carreira de xornalismo, profesión á que lle dedico o tempo das comidas. Entre comidas, dedícome á fotografía, un estraño e fermoso xeito de comunicación que vai xa para dous séculos de vida.

Roberto Ribao é fotógrafo e investigador sobre fotografía. Licenciado en Ciencias da Comunicación, na actualidade está traballando nunha tese de investigación sobre fotografía no programa de doutoramento A comunicación audiovisual: realidade e ficción, do Departamento de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela. Colaborador habitual da revista Tempos Novos en temas de imaxe.

II Premio Auditorio de Galicia para xoves artistas 2002
Seleccionado para formar parte da exposición do certame. Auditorio de Galicia, Santiago de Compostela, novembro 2002.

O berro mudo
Traballo fotográfico e sonoro sobre o impacto da experiencia profesional dos alumnos da Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela. Facultade de Ciencias da Comunicación, Santiago de Compostela, maio-xullo 2002.
Casa da Xuventude (Outono Fotográfico), Ourense, novembro 2002.

FICHA



NOME: Anxos García Sumai

VÉN DE: Catoira (Pontevedra)

É: Bibliotecaria

CORREO: anxossumai@hotmail.com

AUTOBIOGRAFÍA

Nacín co Ulla e a Arousa ós meus pés, pendurada na aba dun monte dende onde albisquei o mundo enteiro dunha infancia máis ou menos feliz. Entre o a mar e a terra. Entre o lentor das cortes das vacas, o son continuo das legoñas a abrir gabias, o recendo a brea das gamelas nun mundo de caldo, camaróns e lume manso, arrolábanme nas noites os contos dos vellos a carón da lareira e espertábame o oubeo da fábrica na que traballaba o meu pai. Teño os 80 tatuados na pel, un rosario de toques urbanos en casas okupas de Berlín Oeste, o pelo verde esculpido en estrelas punkies, amigos derrotados en brancas batallas e fanzines repartidos ás agochadas en garitos cortesáns nun país que sempre soñei distinto, pero coa xente que quero. Entrementres, a loucura dos libros: mercar un facsímile da edición príncipe das Centurias de Nostradamus e ver chorar a miña Visa polo camiño; a aglomeración volcánica de revisitas a Lord Byron, tratados máis ou menos serios de autoaxuda para culturetas e bandas deseñadas de medio mundo. Durmo ollando cometas e constelacións e, ata hai pouco, erguíame no medio da noite e escribía frases no meu móbil con calendario budista. Ás veces, media esperta dun pesadelo, cheguei a ve-lo alien da película pintándome as paredes da casa.

Dentro dos meus armarios viven os replicantes de Blade Runner, unha banda enteira de rhythm&blues e algunha fada adurmiñada no forro dos abrigos. A música, en cada recanto, incomoda a Brando e a Greta, os dous gatos que miran apampados o ir e vir de xente pola casa e que teño debuxados nos exlibris cos que me apropio definitivamente de calquera publicación que me cae nas mans. Gústame a luz entrando polos tellados de Lisboa e o son acuático da Alhambra mesturado co azar da noitiña. Gústame pasear entre as areas da praia e recoñecerme nos solitarios que choran de madrugada debaixo das árbores do parque de Bonaval. O almiscre coma olorosa parella de feito da miña pel pola mañá. Pero non vos son amiga da sofisticación, aínda que ás veces lle complico a vida á vida. Ademais, teño o terrible mal, que agora sei que xa nunca se vai dar ido, de crer na utopía. Será por iso que esperto coa música máis forte posible, para saír mercar tempo ó traballo mentres lle fago autoestop o tráiler do futuro. Ás veces sorpréndome: cando levanto o dedo, algún mago ou algunha maga están camiñando comigo pola ruta 66. Desaparecen e reaparecen na espiral das cidades, os cafés e os recantos azul platino dos espacios industriais. Cando non están, cambio a banda sonora das palabras pola música do discman que converte as rúas en escenas dun filme francés ou chinés, segundo o día.

¡Ah!, e por certo, para aforrar preguntas posteriores, penso que Sumai é un apelido árabe, cousa que defendo case coma un dogma de fe. Sen embargo, se alguén me fai algunha proposta mellor, non teño ningún problema en cambiar de devanceiros.

Vivir fóra da hora

Hai quen precisa de engañarse cambiando as agullas do reloxo. ¿É bo ou malo?

Vivir fóra da hora

ROBERTO RIBAO

"TEMPUS FUGIT", MADIALEVA

Nunha primeira ollada ós síntomas desta curiosa, e me temo que estendida práctica, semella que responde a unha patoloxía relacionada co medo e coa inseguridade. Medo ós superiores, a chegar tarde unha vez máis e ter que aguantar a rifa do xefe de turno. Medo ás faladeiras dos compañeiros cínifes, antollosos de se aproveitar das nosas debilidades para desacreditarnos. Inseguridade, que non é outra cousa que un medo onanista, ó constatar que somos uns reviravoltas do carallo que non facemos máis ca recreármonos ante o espello, tentando solucionar o que non ten arranxo. Ou tamén inseguridade ó comprobar como, co devecer dos reflexos co paso do tempo, nos imos parecendo máis ás tartarugas. Enrrugas e parsimonia vencelladas en amoroso axuntamento.

Albert Einstein avisounos de que todos nós, materia incluída, estabamos a mercé do tempo. Por iso, adiantar o reloxo a conciencia resulta tan ermo como pouco intelixente. Ninguén, ata agora, puido co tempo. Dixo Oscar Wilde que un pode crer no imposible, pero nunca no improbable. Teño a sensación de que estes pseudoseguidores de Dorian Gray, ó pretender burlar o tempo, procuran ese improbable cunha resignación triste. Resulta moito máis ledo e san erguerse media hora antes e rirse do tempo mentres nos peiteamos diante do espello, saudando a ese ser que aparece reflectido, derrotado, pero con dignidade.

Vivir fóra da hora

ANXOS SUMAI

UNHA RESERVA DE TEMPO

Hai algo que facemos moita xente e que pode parecer unha absoluta parvada: adiantámo-la hora. Adiantámo-lo espertador, o reloxo de pulso, o reloxo da cociña... Ás veces incluso hai quen pola noite adianta a hora do espertador cos ollos pechados para non saber "exactamente" de canto tempo extra vai dispoñer cando soe pola mañá, tempo que poderá investir en erguerse máis tarde (-¡Carai, aínda podo durmir dúas horas máis-) ou no que lle pete.

Os que isto facemos somos, case sempre, dese tipo de xente que precisa botar cinco minutos máis na cama polas mañás, por iso adiantámo-lo espertador cinco minutos, que non é precisamente o mesmo que poñe-lo para que soe cinco minutos antes da hora á que debería soar. Non. Para nós é como manipula-lo tempo á nosa medida. Non somos parvos e sabemos que se adiantámo-la hora cinco minutos o mundo irá sempre cinco minutos por detrás nosa, e iso dános vantaxe para erguernos un chisco máis tarde, para coller un autobús ou aviarnos para unha cita. É como quen mete pesos nun peto ou vai agochando cigarros nos caixóns por se nalgún momento precisa botar man deles.

¿Que hai de malo en intentar ter un pouco control, usa-la nosa maxia para manipula-lo tempo, nunha época en que todo parece acontecer sen que nós poidamos tomar ningún tipo de decisión? Aínda así, seguimos chegando tarde a traballar.

Debates televisivos

O metadebate. O debate sobre os debates.

DEBATES TELEVISIVOS

ROBERTO RIBAO

¡CONSTANTINOPLA! VEXA A TELEVISIÓN

Levo tempo convencido de que a nosa relación coa televisión non se rixe enteiramente polas normas da consciencia (me temo que tampouco da conciencia). Se non, non se entendería o grao de aceptación que seica teñen algúns programas nos que o seu principal atractivo é amosar a persoas de dubidosa respectabilidade berrándose entre si, arredor de temas frívolos e estúpidos, fomentando unha agresividade dialéctica tan innecesaria como pouco fundamentada. Este tipo de programas fan boa a frase de Montesquieu: "mois on pense, plus on parle" (canto menos se pensa, máis se fala).

Cando falo de inconsciencia é porque estou convencido de que unha boa parte das persoas que forman esa audiencia non permitirían que estivera no sofá da súa casa ninguén que se comportase dese xeito paifoco e agresivo. ¿Por que, entón, permiten que ocupen ese espacio familiar cando aparecen no televisor?. Xa sei que se pode apagar o televisor ou cambiar de cadea, aínda que eu son dos que creo que o zapping non é máis que un xeito de cinismo activo do telespectador, como dixo o sociólogo Pierre Bourdieu. Pero eu falo dos que nin sequera fan iso e soportan o programa enteiro.

É como se ó ver a TV. estivéramos baixo o influxo dunha hipnose, que explicaría a condescendencia con esos intrusos virtuais do noso fogar. Poña vostede coidado cando acenda o televisor. ¡Constantinopla!

Debates televisivos

ANXOS SUMAI

CLICK!!, E COA PORTA NO NARIZ

Unha noite séntome a ve-la tele. Son case as doce. Fago zapping e vai desaparecendo pouco a pouco a esperanza de atopar algún programa que atraia realmente o meu interese. Nunha das cadeas atopo un grupo de famosos berrando como energúmenos. Ninguén escoita, todos emborcan as súas opinións unhas enriba doutras e todas caen como un alude sobre o espectador. Sentada no sofá presencio unha incrible escenificación, na que se reparten os papeis do bo e do malo, o que pensa coma min, o que non pensa coma min e o que simplemente non pensa. Son coma personaxes dunha película cos seus papeis claramente asignados, desenvolvendo unha acción que poden presenciar millóns de espectadores que posiblemente non teñan unha alternativa mellor.

Creo que os que conciben este tipo de espectáculos saben perfectamente de que vai a historia: a xente moita veces non discute, berra. A xente non escoita, impón a súa propia voz por riba da dos demais. Por iso deixamos entrar nas nosas casas a estes personaxes famosos malfalados, reproducindo situacións que os actuais hábitos de vida nos impiden levar a cabo. Se non estivesen eles estarían outos, fisicamente instalados no sofá fumando e bebendo café. Só son froito da necesidade ¿insá? do cotilleo, da falar mal dos coñecidos, cousa que, sorprendentemente, fai moita xente en distintos ámbitos sociais e culturais. Estou convencida de que a xente deixa entrar estes famosos nas súas vidas porque tamén poden botalos cando lles pete, sen pasa-lo apuro de ter que botar a un amigo porque non aturas máis as súas estupideces ou porque fala mal dalguén que queres. Con este tipo de personaxes só tes que premer un botón e desaparecen da túa vida. Así de fácil.

É como un película, se non che interesa deixas de vela. Convídalos ou non a entrar na túa vida, o mesmo que podes convidar ou non a Sánchez Dragó para que fale de literatura na túa sala de estar.

Tolos polo móbil

A nosa relación con ese pequeno (cada vez máis) aparello que foi meténdose nas nosas vidas ata o punto de ser xa unha das nosas "extensións". Coma no caso dos deuses e os homes... ¿quen necesita máis a quen?

Tolos polo móbil

ROBERTO RIBAO

A SOIDADE ITINERANTE

Confésome culpable. Non teño teléfono móbil. E recoñezo estar sometido a unha certa presión social por iso. Case que non hai día no que alguén non mo reproche. Non pense que son un fundamentalista do tema. Tería móbil se o precisara. Pero, polo de agora, non me resulta un aparello imprescindible. E gozo deste singular status. Ademais, o alcume de "móbil" non me parece nada acertado. Os que nos movemos somos nós (e que sexa por moitos anos). Sería máis axeitado chamarlle "portátil".

Recoñezo que moitas persoas non poden prescindir del (polo traballo ou pola falla del, pola familia ou polas infidelidades, polos amigos ou pola falla deles...) Precisamente aquí, nestes antagonismos, mora o segredo do éxito deste "aparello do demo". Que moita xente o teña e, sobre todo, que se ensimesmen con el e o utilicen de xeito convulsivo, adoita explicarse polas desventuras laborais, polas infidelidades e pola sensación de soidade que temos nesta sociedade.

Non estou en contra da tecnoloxía, pero nunca me gustou a pasmonería tecnolóxica. Por iso coincido co cineasta Werner Herzog, que di que as novas técnicas da comunicación reducen o illamento pero aumentan a soidade. E para estarmos sos de tódolos xeitos, resulta absurdo gastar máis cartos e simular que temos compañía.

Tolos polo móbil

ANXOS SUMAI

OLA, ¿CAPITÁN TRUENO?

De te-lo número de teléfono dalgún heroe de cómic, estou ben segura que máis dunha vez o tería chamado a horas intempestivas para que me rescatase das miñas catástrofes persoais. Ou mandaríalle unha mensaxe escrita, por non importunalo mentres salva a humanidade.

A miña relación cos móbiles comezou por pura necesidade, polas mesmas razóns polas que supoño que a xente os utiliza, e acabou converténdose, en determinados momentos, nun instrumento de salvación. Paréceme que ás máis das persoas lles acontecen, como a min, cambios profundos e que, nun deses procesos de derrubamento e reconstrucción, saben que poden mandar unha mensaxe de socorro, un SOS como os mariñeiros, ás dúas, ás tres ou ás cinco da maña. Unha mensaxe pedindo axuda, discreta -que a discreción é unha das prestacións destes aparellos- para que nos escriban ou nos falen, nos fagan saber que non estamos sós. Sentimos, en momentos así, que hai alguén moi preto: só tarda en chegar onda nós xusto o tempo que se tarda en escribir unha mensaxe, marcar nove números, escoitar varios pitidos e volver marcar nove números. Pedimos axuda e os nosos heroes reais acoden coa súa escrita ou coa voz. O móbil é, daquela, a luz, as ás do anxo da garda…

Para iso serve un teléfono móbil, sobre todo para iso. E para que alguén te rescate se quedas atrapado unha fin de semana no ascensor da oficina, se estás na selva e te ataca un león, se queres contarlle a alguén o último chiste sobre Bin Laden ou dicirlle á túa nai que o domingo non vas comer con ela.

Cegados polo fume

Non hai tema máis virulento de discusión que o do tabaco. O cigarro como bandeira do libre albedrío ou como froito dunha manipulación enfermiza. Por entre o fume do tabaco cada un acada a súa visión do asunto.

Cegados polo fume

ROBERTO RIBAO

¡FUMADE, FUMADE..., MALDITOS!

¿Non me diga vostede que anda a ver se deixa de fumar? Co sufrido que debe ser iso. Pero alma de Deus, a estas alturas da vida e facéndolle caso ós médicos e ós políticos. Claro que eu respecto máis ós primeiros. Non vou eu contradicir os estudios que seica proban a conivencia do tabaco con algunhas das nosas peores doenzas. Pero desgústanme máis as accións dos segundos.

Nos últimos quince anos vimos sendo sometidos a mensaxes e lexislacións represivas sobre o uso do tabaco. A Organización Mundial da Saúde e os distintos gobernos levan gastado miles de millóns en campañas antitabaco para que os privilexiados do mundo desenvolvido nos decatemos do parvos que somos por ter vicios tan nocivos. Mentres, máis dunha terceira parte da humanidade morre de fame. ¡Hai que ver que vicio tan ordinario teñen algúns!. Non temos que ir tan lonxe, mesmo na nosa sociedade occidental seguimos sen darlle solución á pobreza e ó desemprego, mentres medra á desigualdade e a precariedade laboral. Como a festa non está para tirar foguetes, gastar miles de millón en advertencias e prohibicións semella unha indecencia social, unha inmoralidade política e unha sorte de "pornografía" orzamentaria.

¡Déixese de lerias e fume! Porque calquera día dirán que fornicar é malo para o colesterol. E iso sonlle consellos para xente ben educada. Os demais, así morramos todos. ¡Fume irmá/n, fume! Fágalle caso a un que non fuma e lembre estoutro consello alternativo: "Os consumidores críticos advirten que as autoridades prexudican seriamente a saúde social".

Cegados polo fume

ANXOS SUMAI

XA NON TE QUERO, QUERIDA NICOTINA

Sarah Vaughan, no descanso dunha actuación no Brooklyn Paramount Theater, senta a fumar un cigarro; Memphis Slim pasea por Chicago cunha pipa na boca e Clint Weaver prende un puro mentres deposita o trombón sobre unha mesa… Pregúntome, porque estou deixando de fumar, se a súa obra foi así de xenial e próxima precisamente porque fumaron, sobre todo eles, que tiñan nos seus pulmóns o seu instrumento de traballo.

Cando fumas parece que as ideas van xurdindo ó ritmo do fume que nace dun cigarro, vagarosas pero seguras e claras. Sen embargo, o pensamento dun fumador desenvólvese ó ritmo que marcan as arterias convertidas en pura cortiza: un inevitable suicidio, lento pero seguro.

Non é a ameaza dunha morte realmente espantosa o que nos preocupa ós fumadores. É precisamente a certeza de que todos imos morrer o que nos proporciona argumentos para seguirmos fumando: igual me atropela un camión, pódeme caer na cabeza un polbo conxelado, pero se eu boto o día comendo donuts e respirando caolín… Pesa máis o medo a engordar que a morrer dun cancro de exófago, o medo a non saber como controla-la inseguridade que a sufrir un infarto. É a cegueira que producen as adiccións: a morte non é o mal maior, senón a vida. E aínda queda a grande escusa, o autoconvencemento de que se é fumador por natureza, como se naceramos cun cigarro na boca á maneira de apéndice imprescindible para podermos vivir.

¿Que máis ten se os nosos ídolos fuman? Eu quero pensar sen muletas, que as rosas ulan a rosas, que o aguacate saiba a aguacate, que a miña roupa recenda a min e non a tabaco… ¿Cres que son unha resentida? Só quero deixar de fumar. Convénceme de que non o faga.

A suor da nosa fronte

Uns afirman que o traballo é un castigo divino,
tamén hai quen di que dignifica ó home
Se o traballo é un castigo divino ou se sirve para algo máis
que para comer tódolos días é algo que sempre dubidaremos.
Polo pronto, cando un se ergue cedo sen ganas
sempre pensa un pouco nestas cousas

A suor da nosa fronte

ROBERTO RIBAO

A EXPULSIÓN DO PARAÍSO ERA PARA ISO

Cando mozo, tiven unha enorme curiosidade por saber quen inventara o traballo. Pregunteille ós profesores, consultei enciclopedias, lin libros sobre o tema... Non cheguei a saber que individuo -ou individuos- fora o artífice da falcatruada. A xente de fe ten unha explicación nas sagradas escrituras: "o traballo é unha maldición divina". Malia estar de acordo co calificativo, non fun quen de aceptalo. Debía ser consecuente cos meus principios. Eu, que quedei inmunizado para as relixións despois que, de cativo, me caira unha "crus" na "cabesa".

Hoxe, despois de levar anos traballando, xa sei por que non coñecemos ó inventor do traballo. Xa dende a máis tenra infancia agochamos as nosas malas accións. Cando un neno fai algo que sabe que non está ben, fai o avión e desaparece. Os que deben cartos esfúmanse cunha mestría prodixiosa. Os delincuentes de brillantina e gravata agochan os cartos negros en paraísos fiscais. A Bin Laden non se lle ocorre dar unha volta por aí adiante, vista a conxuntura... Con estas premisas, ¿cómo carallo imos atopar ó inventor do traballo? Ben sabía el (ou ela) que non estaba facendo nada bo.

Non sei se haberá fórmulas alternativas para poder vivir en sociedade de xeito organizado e próspero. Pero acho que o sistema de vivir para traballar non me parece o máis satisfactorio. Porque o que acontece hoxe é o mesmo que lucidamente escribiu Bernard Shaw hai moitos anos: "o home gasta a súa vida en gañala". Nesta mesma onda vai un libro que me atrevo a llelo recomendar: "O dereito á preguiza", de Paul Lafargue, que disque era xenro de Karl Marx. ¡Vaia familia! ¡Estes, con tal de non traballar non saben o que han facer!.

A suor da nosa fronte

ANXOS SUMAI

A GRAVIDADE DO TRABALLO

Lembro as mulleres coas unllas esnaquizadas de desbarbar milleiros de mexillóns, miro as miñas mans e entendo que me custe escribir que o traballo dignifica. Non quero nin imaxina-los labores aldraxantes cos que sobrevive moita xente porque, daquela, estendería as ás e voaría morta de vergoña. Pero non fuxo abatida porque, á fin e ó cabo, ¿quen son eu para valora-la dignidade de ninguén polo seu traballo? ¿É máis digna a xornada laboral dun astronauta que a dun neno que tinxe teas de sol a sol?

Todos compartímo-la mesma condena bíblica: gañármo-lo pan coa suor da nosa fronte. Con todo, é posible acada-la dignidade incluso cando estás condenado a permanecer horas fabricando coches que despois farán posible que unha persoa poida vivir vixiando un aparcadoiro subterráneo. Por que a dignidade é poder satisface-las necesidades básicas, relacionarte con outras persoas, desenvolve-la capacidade creativa… O traballo permítenos todo iso. É máis: estou convencida de que, de non precisarmos duns ingresos para vivir, seguiriamos traballando por pura necesidade de superación, por satisfacción persoal, pola conciencia colectiva da evolución da especie. Participamos nunha carreira de relevos onde a meta é sermos Deus e térmo-la capacidade de crearnos a nós mesmos.

Por riba de ser irremediable, como unha lei física, o traballo ás veces é unha parcela de realidade que nos amarra á vida. Algo así como a lei da gravidade e a mazá.

A cidade a medida

Coma coa roupa hai comunidades que apertan o corpo e outras que quedan longas de máis. Cadaquén busca un sitio onde vivir á medida das súas necesidades, pero é que o longo afoga e o curto oprime.

A cidade a medida

ROBERTO RIBAO

CIDADE GRANDE, ANDE OU NON ANDE

Amiga Anxos: Podo entender que vostede prefira vivir nunha aldea para sentir o sosego da natureza e non as rifas dos veciños. Ou nunha vila, para non sentir o balbordo do tráfico e respirar un aire menos contaminado. Ou nunha cidade pequena, para que as distancias non sexan excesivas e se poida prescindir do coche a maior parte das veces. Pero non entendo que se faga calquera desas eleccións para que lle chamen polo seu nome cando vai a calquera sitio, ou porque poida confiarlle as chaves da casa a un veciño, ou para chamarlle ós cans polo seu nome. Iso tamén se pode facer nunha gran cidade. Porque, ó fin, a vida social que se fai nela queda restrinxida a pequenos grupos arredor da vivenda, do traballo e do lecer, artellando a nosa pequena comunidade dentro da urbe. Moitas desas cousas positivas que ten a convivencia en poboacións pequenas pódense ter, se un quere, neses ámbitos de relación.

Pero vivir nunha gran cidade ten moitas vantaxes que non teñen as poboacións pequenas. Por exemplo, unha maior oferta laboral e un maior dinamismo cultural e social. E a posibilidade de ignorar as xenreiras que se producen cando existe un excesivo achegamento espacial e vital. E tamén poder afastar do cancro dos caciques (que en Galicia témolos de master). E non digo nada se un día se nos da por ter unha noite tola ou unha aventura excéntrica. Nunha poboación pequena, chega o día seguinte e saben das túas andanzas ata os cans dos que tanto lle gusta saber o seu nome.

A intimidade é certamente valiosa, neste mundo cada vez máis policial, de espías, delatores e satélites. Pero non debemos confundir, como adoita facerse, a intimidade co feito de vivir illado. A verdadeira intimidade é aquela que un pode gozar sen ter que renunciar ó contacto social. Ademais, se vivir nunha gran cidade nos xera certo desasosego, sempre nos queda a posibilidade de practicar budismo, ou Tai-Chi.

A cidade a medida

ANXOS SUMAI

SER GRANDE NUN SITIO PEQUENO

Había unha vez dous velliños que vivían nunha gran cidade. Vivían sos, sen familia e sen amigos, porque a pouca xente que coñecían fóralles morrendo. Unha tarde coñecéronse nun parque e, aínda que nunca chegaron a ser amigos de verdade, fixeron un trato entre eles: Tódalas mañás, o primeiro que espertase había chamar ó outro. Non tiñan porque falar entre eles, só era cousa de descolga-lo teléfono. Se un día o teléfono non era descolgado, o velliño que chamase avisaría á policía de que había un home morto en tal enderezo.

Esa é a soidade que me aterroriza das grandes cidades, vividas por millóns de persoas e habitadas polos mesmos millóns de seres anónimos e descoñecidos. Xa sei que a alguén coma min, nacida no seo dunha familia illada nunha aldea illada, se lle supón certa agorafobia, certo medo ó cosmopolitismo. ¡Que parvada! ¿A quen non lle gusta que o chamen polo seu nome cando vai mercar un xornal, comer a un restaurante ou cando sobe a un autobús? Eu elixín vivir nunha vila onde os camareiros me berran polo pouco que como, onde a estanqueira sabe que fumo ducados ultra-light porque estou deixando de fumar, onde coñezo o nome dos cans que se paran a xogar comigo cando paseo. Vivo nun lugar onde lle podo deixa-las chaves da miña casa ó veciño por se un día esquezo apaga-la cafeteira. Vivo nun sitio así porque podo senti-lo cambio das estacións, porque sei cando me menten e sei cando mentir é necesario, porque sei que alguén me vai botar de menos se falto durante máis días dos razoables. ¿A quen non lle gusta saberse recoñecido como ser individual, como persoa?

Escrito nas estrelas

A relación entre destino e astros é unha das crenzas máis antigas da historia. Só os medos e desexos son máis antigos. O zodíaco bota luz sobre o futuro coa axuda impagable da imaxinación e da esperanza.

Escrito nas estrelas

ROBERTO RIBAO

HORROROSCOPO

Voulle facer unha proposta. Colla un xornal e lea os textos de tódolos signos do horóscopo. A ver se lle ocorre como a min, que teño a sensación de que calquera deles pode ser válido. E xa non digamos os que aventuran todo o que vai acontecer durante un mes enteiro. Cúmprense tódalas predicciónns, pero as de tódolos signos nunha soa persoa. Outra proposta. Lea as predicciónns dun mesmo día para o seu signo en varios horóscopos distintos. A de cousas que lle poden pasar nun só día ¡E aínda hai quen lle da valor de ciencia!

Malia non ser un experto no tema (o demo me libre), recoñezo que nisto hai categorías. Hainos que están mellor escritos, outros son máis enxeñosos, etc. Pero iso non é ciencia, é literatura. Se un se quere entreter con contos breves, estupendo. Aínda que para iso está mellor Augusto Monterroso. Pero que non me veñan a min con que a conxunción astral no momento no que nacemos vai marcar día a día a nosa vida. "¡Música!", que dicía a avoa dun amigo meu cando vía os informativos da TV. Imos aviados se temos que depender da axuda dos escribáns da astroloxía. Hai uns días lin o meu horóscopo nun xornal. Dicía: "En calquera dos inconvenientes que puideran xurdir, as persoas que te apoiarán incondicionalmente serán familiares e amigos". ¡Coño, pois non vai vir un cazador bosquimán a axudarme!. Xa postos a intentar acertar sempre, eu defendería algo así: "Vaise erguer cedo, medio durmido, vai ir correndo ó traballo e chegará uns minutos tarde. Traballará como un desgraciado todo o día e chegará canso á casa. Alí, para soportar esa vida frenética, atopará vostede un apoio fundamental, seguramente un electrodoméstico." Ciencia pura.

Son consciente de que neste debate semanal me estou gañando a fama de escéptico. Pero esta semana estou sensible e non vou dicir que, como as relixións, deberían de desaparecer tódolos horóscopos. Coa cantidade de xente que vive diso. Ademais, voulle facer caso a Mario Bunge candi di que "o escéptico ten razón cando dubida de calquera cousa en particular e erra cando dubida de todo na mesma medida". Por iso fágome eco do mal que o está pasando algunha xente. Esoutro día, unha bomba desas da "xustiza infinita" caeu enriba do edificio onde se facía un xornal en Afganistán. Entre os mortos estaba o encargado de facer o horóscopo. Pobres afgáns, que xa non teñen onde se aferrar para ver que vai ser deles.

Escrito nas estrelas

ANXOS SUMAI

CUESTIÓN DE INTERPRETACIÓN

Hoxe en día falar en voz alta da tenrura, da sensibilidade, da esperanza, é case un acto de valentía, unha actitude subversiva. Con todo, paréceme a min, o mundo non habería ser mellor sen a ilusión da lotería de nadal, sen os nenos creren nas fadas, sen a maxia da intelixencia e tampouco creo que fosemos menos ignorantes de non existiren os horóscopos.

Os horóscopos están escritos con tales ambigüidades e tópicos a propósito. A creatividade está na interpretación e non na predicción, case sempre feita por un bolseiro ó que tanto lle ten a posición de Marte respecto de Mercurio. Nos que se publican nos diarios nunca lerás: "Hoxe vas morrer". Non, porque todos sabemos que hai cousas que non se poden predicir, simplemente porque son tan espantosas que non as cremos posibles. Sen embargo, son precisamente os científicos os que anuncian tales fatalidades baseándose en cálculos estatísticos, ¿ou é que non teñen a ousadía de predicirche cando e de que vas morrer? Quen consulta o horóscopo o que busca é unha regandixa pola que albisca-lo éxito profesional e persoal. Se les que vas ter un bo día, seguro que o tes. Se che din que vas atopar un ser especial co que serás feliz o resto da túa vida, vivira-las horas observando toda a xente coa que te cruzas polo camiño. E, se cadra, das con alguén marabilloso, simplemente porque lle prestaches atención ós demais.

¿O país iría mellor se todos tivesémo-la capacidade de desbotar, no noso diario devir, aquilo que non é científico? Non o creo. E atrévome a predicirche, amigo Ribao, que daquela non habería sitio para a túa retranca ourensá.

Vivencia unifamiliar

Hai quen ve á familia coma un monstro de moitas cabezas. Tamén hai para quen non se entende o calor do fogar sen a familia. Unha reunión familiar pode ser o paraíso da comodidade ou a antesala do inferno.

Vivencia unifamiliar

ROBERTO RIBAO

A FAMILIA BEN, GRACIAS. A FAMILIA VÉN, EU LISCO

Adoitamos asociar as ideoloxías conservadoras coa defensa da familia. Iso non é estrictamente certo. Sería máis correcto facelo cun determinado tipo de familia, onde entrarían outros condicionantes como o nivel económico e/ou sociocultural, a relixión, a consideración da muller, a aceptación dos diferentes, etc. Malia que a cousa mudou algo nos últimos tempos, seguimos sendo debedores da longa noite de pedra (ese período negro de paifoca represión ideolóxica), porque aínda vemos hoxe en día como se usa interesadamente a familia, por exemplo, nos programas electorais.

Unha práctica que adoito facer (e que recomendo), é consultar como se definían certos conceptos nun vello diccionario daquela época. Vexa a primeira acepción da entrada "familia": "Gente que vive en una casa bajo la autoridad del señor". O que lle dicía. Tampouco axuda moito para unha comprensión crítica e libre a imaxe que deste estamento se da nalgunhas das publicacións progresistas de maior difusión. Todo demasiado politicamente correcto.

Non vou ser eu quen cuestione algunhas das vantaxes do agrupamento familiar (economía e compañía, nomeadamente). Tampouco vou negar as súas propiedades terapéuticas. Porque quizais nelas resida hoxe o seu verdadeiro potencial de uso. A familia como un medicamento ó que acudimos cando o precisamos, sexa por razóns sentimentais, depresivas, económicas, laborais... Voulle recomendar dúas películas, ámbalas dúas espléndidas, porque admito unha eiva ó non ser quen de transmitirlle mellor o que penso de todo isto. A primeira, Familia, de Fernando León, onde un maduro home solteiro paga a uns actores para que escenifiquen esa familia que non ten. Nun soporte ficcional atopamos tódalas miserias e tódalas contradiccións dun estamento que ten moito diso, de ficción. A outra, El Bola, de Achero Mañas, onde cunha mesura exquisita se nos amosan dous tipos de familia, a "de sempre", e a que contravén esas normas "tradicionais". E vexa vostede iso de que as aparencias enganan. Sempre nos queda a familia. Aínda que nela habiten desvergoñados.

Vivencia unifamiliar

ANXOS SUMAI

TERAPIA COLECTIVA

Á volta dunha fin de semana cos meus pais e soa na casa co meu gato e unha gripe que me está limpando os últimos residuos de nicotina, estou nunha situación demasiado propensa para falar ben da familia. O que me vén á cabeza, agora, atacada pola febre, é a miña nai, as súas sopiñas quentes e o zume de laranxa pola mañá, a cheminea co lume prendido, papá lendo o xornal un domingo pola tarde e os meus irmáns discutindo. E ata o boto de menos. Case parece un mundo perfecto onde a vida transcorre ó rimo pausado e doce da leña ó arder. Esa é a miña imaxe idílica da familia, pero non é máis que un puñeteiro espellismo, unha mentira que se transformou en realidade a base de insistencia e resistencia, de imposicións sociais, de manuais franquistas, de necesidade de supervivencia. Unha realidade irremediable, porque non temos a posibilidade de elección. Nacemos, asígnannos un nome e xa está. A partir de aí, ¡sorpresa! E moita terapia colectiva, sobre todo no nadal, cando o cava nos dá valor para dicir cousas que se calan durante todo un ano. Non pasa nada, porque somos unha familia e todo vai ben mentres esteamos xuntos.

¡Tranquilos, amigos! Hai outras opcións para todos aqueles que non formamos, polo que fose, unha familia propia, con fillos e todas esas posesións materiais inherentes, incluíndo coche e animais de compañía. Podemos posuír unha familia á nosa medida, unha familia elixida, con máis afecto e máis cousas en común que un simple lazo de sangue. Tamén con semellantes disputas e disidencias, pero coa posibilidade de abandonala sen sentirte un traidor. E, ademais, non tes que perder horas buscando nomes para os novos membros, porque xa traen nome e personalidades formadas, vidas vividas e compartibles, e a mesma necesidade de afecto que temos todos.

Todo isto soa un tanto egoísta. Pero se hai algo máis terrible que a soidade, é comparti-la vida con alguén a quen non queres. Eu quero a miña familia, a imposta e a elixida. E en ámbolos casos quéroa o suficientemente lonxe e o necesariamente preto para que eu poida vivir comigo e comparti-la miña vida con eles. Como di a miña amiga Alicia: "A familia está ben, pero a sesenta quilómetros de distancia, como mínimo".

Nin sobre nin selo

As comunicacións postais actuais levan un"E" por diante
O soporte electrónico que aguanta estas verbas
proporciona ferramentas para comunicarse doadamente.
O dificil é elexir entre a cantidade e a calidade,
entre a tinta e o electrón, entre pasadomañán ou agora.

Nin sobre nin selo

ROBERTO RIBAO

PROMISCUIDADE EPISTOLAR

Podería comezar este debate dirimindo se escribir contándose cousas é algo positivo ou non. Pero, mire, tanto me ten. Que sexa unha boa cousa ou unha perda de tempo. En ámbolos dous casos sae gañando o correo electrónico sobre o convencional. Porque, supoñendo que escribirse cartas sexa unha estupidez, non me negará que os "emilios" resultan máis doados, máis cómodos e máis rápidos. Ou sexa, aforramos tempo, resulta máis cómodo e facemos menos o estúpido.

Situémonos na outra premisa, entendendo que iso de escribirse cartas é algo bo. ¿Como explicar os múltiples casos de persoas que levaban anos sen escribir unha carta e, coa chegada da rede, convértense en compulsivos suxeitos da comunicación epistolar? Pois porque o correo electrónico ten unha versatilidade que non ten a clásica carta manuscrita. Nomeadamente, a comunicación e a resposta case simultáneas e a posibilidade de enviar unha mesma mensaxe a varios destinatarios cun mínimo esforzo.

Recoñezo que no bando da defensa da carta manuscrita hai duros e rabichudos adversarios. Se non, vexan o que dixo José Saramago: "Nunca unha bágoa emborroará un e-mail". Permítome o atrevemento de transcender esta relambida frase para, aproveitando a oportunidade, facer unha extrapolación das comunicacións epistolares ás relacións inter-personais de carácter erótico e/ou sentimental. Non vivimos tempos para sentimentalismos, e resulta evidente que o correo electrónico favorece (epistolarmente) a promiscuidade, as camas redondas, o intercambio de parellas... Será por iso que hai quen pensa que isto é cousa do demo.

Nin sobre nin selo

ANXOS SUMAI

"TE MANDO ESTE ROJO CADMIO"

Así comeza, na traducción ó castelán, a correspondencia entre John Berger e J. Christie, narradores da arte contemporánea. As cartas, nas que os autores pretenden transmitir sensacións, percepcións, non só a través da palabra senón tamén do debuxo e da cor, da textura do papel, nunca poderían utiliza-lo ceo branco, neutro, dun ordenador como soporte. Porque aínda atinando visualmente co fondo preciso para transmitir emocións semellantes, sería imposible senti-la súa textura entre os dedos, uli-lo recendo da tinta ou do papel, lograr esa precisa cor vermella. É máis, as cartas, e sobre todo estas, necesitan dun tempo de reacción, un tempo de espera, no que se sente incluso unha especie de pracer masoquista: ¿recibiríaa?, ¿onde lle escribín isto debería terlle escrito estoutro?...

Elixi-lo papel con coidado, a cor da tinta, as palabras xustas, meditadas, repousadas, como un guiso que se fai con calma; recibi-la carta, ve-lo remite e sentir unha súbita emoción, abri-lo sobre e ler; gardala e volver mirala de vez en cando como se nela visemos algo da persoa que a escribiu, materializada en trazos caligráficos. Non creo eu que ninguén poida sentir algo semellante escribindo ou lendo un e-mail, do mesmo xeito que non me parece posible que un neno lle mande un correo electrónico ós Reis Magos.

O certo é que non é mala cousa que exista Internet e que se poidan mandar e recibir mensaxes no tempo de pegar un selo nun sobre. É cousa do avance tecnolóxico: pasamos do cabalo ó ordenador, do mensaxeiro medieval ó carteiro funcionario. Con todo, ¿que sería de Miguel Strogoff se o zar tivese conexión á rede? ¿E de Calisto e Melibea se a Celestina fose un pentium III?

Nadal, S.A.

Sensacións encontradas arredor de beléns,
árbores e agasallos.
Cando xa non vemos o Nadal cos ollos dos
nenos o bombardeo publicitario mestúrase
coa invasión dos clichés americanos e a nosa
capacidade crítica xenera un escepticismo
que oscila entre a tristura e o desprezo.

Nadal, S.A.

ROBERTO RIBAO

CARTA ABERTA A LUCIFER

Querido Lu:

Estou certo de que se vostede puidera asistir ás nosas festas do nadal, rexoubaría de gusto. Porque, para nós, os enviados especiais do inferno, son as festas máis entrañables do ano. Estou convencido de que non daría feito co balbordo de emocións que deparan estas datas. Persoas gastando máis do que teñen para encher a casa de lambetadas ridículas e marisco de terceira. Familias que queren xuntarse e non poden (porque finou recén algún membro, porque outros están hospitalizados, porque a outros lles toca quenda de traballo esa noite...). Ou o clásico cabodano daquel familiar que se lle ocorreu trascender por estas datas. Pero tamén resulta emocionante ver esas familias que conseguen xuntarse, sobre todo cando comezan a agromar as xenreiras agochadas e as vellas liortas.

Daría a vida para que vostede puidera asistir a un dos actos máis diabólicos que se poidan coñecer, a mensaxe oficial do rei, grande irmán que ocupa tódalas cadeas televisivas por noiteboa. Ou as panxoliñas e esoutras paifocas versións musicais coas que os nosos concellos "pintan" a atmosfera das nosas rúas. Coa fondura desa face de muller tras do cristal empanado da fiestra, ó pe mesmo do altofalante que a espertou hoxe, precisamente hoxe, que comeza unhas pequenas vacacións. Se vostede puidera ver como as persoas gastan os poucos aforros do ano en agasallos de compromiso que, ¡ou ledicia!, amolan máis ca emocionan. Ou a lotería, sublime invento fornecido pola cobiza, que fai que a maioría das persoas fiquen con cara de estúpidos ó comprobar que, un ano máis, seguen sendo pobres. E para rematar, como se a ruína económica non abondara, un novo invento xenial, as rebaixas, poñen colofón a este feiticeiro malgasto e fervor consumista.

Vostede xa non está connosco, admirado Satán, pero acho que sería ledo neste paraíso infernal. ¡Ahhh, Nadal, tempo fermoso! ¡Triunfo absoluto do demo sobre o ben!

Nadal, S.A.

ANXOS SUMAI

POBRE ANXO DE NADAL

Colgáronme dunha árbore, cravároнme no teito dun portal de Belén onda unha estrela espantosa de papel de aluminio ou de purpurina prateada, que é máis bonita pero vén se-lo mesmo. Puxéronme nos escaparates, pintáronme no papel de regalo, bordáronme nos manteis, fixéronme de mazapán e de chocolate... Pendurároнme no tendido eléctrico entre lámpadas de cores intermitentes que me lembran, modestamente, as fachadas dos casinos de Las Vegas, e teño que aturar panxoliñas día e noite, mañá e tarde. E iso que só son un anxo e non o Neno Xesús.

Dende esta perspectiva case aérea -porque sobre todo hai un empeño común en colocarme en sitios altos-, non vexo no Nadal exactamente un tempo de gozo e felicidade, senón un tempo no que medio mundo está obrigado a gozar e a ser feliz, cousas que se adoitan conseguir dunha forma ben estúpida: gastando o aforrado durante os meses, supostamente infelices, que van dun Nadal a outro. As rúas énchense de xente cargada con paquetes que carrexan para as súas casas e as casas énchense basicamente de comida, bebida, adornos dourados e regalos en xeral inútiles. En tres semanas, tras un proceso de consumo continuado de bebida e comida e de reparto de regalos entre amigos e parentes, as casas volven quedar tal e como estaban antes de comezar tan estraño fenómeno e os humanos volven perde-la ilusión, a esperanza e as ganas de ser amables e caritativos. Chegou a hora de garda-los adornos dourados no faiado.

Non me gusta que me aforquen nunha árbore adornada como unha verbena, pero gústame menos que despois me metan nunha caixa e se esquezan de min durante un ano enteiro. ¿É que iso do espírito de nadal é algo así como un ansiolítico que nos acalma, unha vez ó ano, a mala conciencia do maltrato que nos damos a nós mesmos?

Imaxes VS. Palabras

Buscando o medio ideal para a comunicación

Imaxes vs Palabras

ROBERTO RIBAO

UNHA IMAXE, MIL SENSACIÓNS

O debate desta semana (un clásico) parte dunha dialéctica trampulleira. E para delimitalo correctamente necesitaría non menos de mil palabras. Porque habería que precisar previamente o ámbito de comparación dunha imaxe cunha palabra: ¿información, significación, explicación, contextualización, emoción, suxestión, impacto...? E ó falarmos de palabra habería que precisar se aludimos á escrita ou á falada. E cando falamos de imaxe, habería que precisar que tipo de imaxe (debuxo, pintura, fotografía, cinema, virtual...). Como non teño tanto espacio vou escoller a fotografía como esencia do concepto "imaxe" e a palabra escrita como esencia do concepto "palabra".

Aínda tendo múltiples exemplos de fotografía informativa imposibles de mellorar con palabras (a nai inmigrante cos fillos, de Dorothea Lange; a caída do miliciano, de Capa; a mirada perdida do Ché, de Korda; a nena vietnamita núa fuxindo do napalm, de Cong Ut; a moza coa flor diante dos fusiles, de Riboud, a madonna alxeriana, de "Hocine"..., por poñer os exemplos máis coñecidos), elixo a emoción e a suxestión como elementos definitorios da comparación, porque creo que son dúas magníficas armas do medio fotográfico, seguindo o ronsel da provocación que Susan Sontag fixo hai case trinta anos, ó expresar que a fermosura da fotografía derivaba da súa relativa incapacidade como medio para comunicar a verdade.

Unha foto adoita ser máis suxestiva ca moitas palabras. Nembargantes, unha única palabra é difícil que suxira máis ca mil imaxes, aínda que estas sexan detestables. Con isto quero dicir que no reduccionismo "unha imaxe" ou "unha palabra", sae perdendo esta última porque, individualmente, a palabra non posúe a capacidade emotiva da imaxe. Se falamos de varias palabras, a capacidade de suxestión da escrita medra moito. Pero non chegaría nunca á conmoción que provoca unha boa fotografía. ¿Porque, como expresar con palabras a fermosura dos pementos de Edward Weston? ¿Ou ese inodoro altivo do mesmo autor?

Pero palabra e imaxe non deben competir. Ámbalas dúas son magníficos soportes para comunicar e mais emocionar. Como no balbordo mediático que habitamos sobran palabras e imaxes, trátase de escoller aquelas que nos fagan máis libres. Por iso a dialéctica debería ser: pouco e bo (palabras e imaxes) antes que moito e malo.

Imaxes vs Palabras

ANXOS SUMAI

A PALABRA É IMAXINACIÓN

Para Esther e César

María viu unha cidade nevada e escribiu sobre ela. Eu non lin o que escribiu pero contoumo, e seguín cada imaxe que me describía como se vise cae-las folerpas diante dos meus ollos. Non precisou dunha foto para que eu vise todo o que me estaba a contar. Luís compuxo unha canción e describiuma. Evidentemente sería imposible reproduci-la mesma canción que el compuxo, pero sentina, puiden senti-la emoción da creación. Unha canción nunca se pode fotografar. Un olor non se pode reflectir nunha imaxe, pero pode describirse ata chegarmos a ulilo. Hai exemplos gloriosos de todo isto ó longo da historia da literatura. Palabras, imaxes, música… Só se trata de distintas formas de expresión e unha non ten por que excluí-la outra.

Ben sei que hai cousas indescritibles, inapreixables con palabras. Non é doado conta-la fermosura da Alhambra ou unha coreografía de Cesc Gelabert, pero tampouco sería posible facelo a través da imaxe. Sen embargo a palabra ten o poder de desata-la imaxinación, algo que, ó meu ver, non ocorre coa imaxe. A imaxe establece límites, condiciona a nosa fantasía, imponnos unha realidade concreta, un rostro, unha paisaxe: aínda sentindo cousas distintas todos imos ve-lo mesmo. A escrita permite a recreación, a interpretación persoal: sentimos e imaxinamos, sen nada que nos condicione. Ás veces dá mágoa ver como os encargados de levar ó cine unha novela nos impoñen un rostro e unha voz para os protagonistas, unha paisaxe para o contorno da acción... Adeus ó pracer da reacción e da recreación persoal, adeus á liberdade de imaxinar.

Penso nos relatos curtos de Augusto Monterroso: sete palabras xustas e medio mundo ve, e non o esquecerá nunca, un dinosaurio deitado ó lado dunha cama. É como se as visión xeradas a través da escrita ficasen gravadas dunha forma especial no cerebro e fosen evolucionando de seu. Non sei se haberá unha imaxe que perdure tanto na memoria como unha situación ou un espacio recreado nun texto literario, precisamente porque os lectores, ou receptores da mensaxe, somos parte do proceso creativo: a imaxinación do que escribe ou fala concrétase na nosa propia imaxinación.

Gran Ganga

Abriuse a veda das rebaixas e todos lanzámonos ás tendas

Gran ganga

ROBERTO RIBAO

¡COMPRA, IMBÉCIL MEDIO!

Non vou entrar na distinción entre ofertas, rebaixas e saldos, que seica non son a mesma cousa (aínda que en Portugal cando din saldos falan de rebaixas). Quizais exista unha confusión xeneralizada entre esas modalidades de atraer ós clientes, e esa sexa unha das armas coas que xoga unha boa parte do comercio para ir sacando algún xénero con teimuda tradición de ficar no establecemento.

As rebaixas son, a un tempo, un dos mellores inventos do sistema capitalista e unha perversa evidencia das súas miserias. É unha gran solución para o comercio porque, á parte de servir para aliviar o xénero sobrante da tempada, xera uns volumes de facturación que falan por si mesmos. Tamén son atractivas para os consumidores, porque ofrecen a moita xente a oportunidade de acceder a algunha prenda que antes lles resultaba inalcanzable. O seu éxito popular é a clara constatación de que a maioría da xente non anda folgada de recursos porque, se non, non combatería cos veciños por atopar productos a prezos rebaixados.

Entrei esoutro día nun comercio de roupa e, no canto de ver o xénero que ofrecía, fiquei abraiado pola riola de xente que agardaba con prendas na man para pagar na caixa. Case todos eran adolescentes. Recoñezo que me sentín rexuvenecer uns cantos anos, pero non tanto como para agardar máis dunha hora para pagar. Claro que á mocidade lle veñen moi ben esas prácticas. Adestran para o día de mañá ser uns exemplares prototípicos da clase media. O cualificativo de media, máis que apelar a uns ingresos medios decentes, resulta ser un pragmático eufemismo que mora entre a pobreza e a opulencia, para que esta última xustifique a súa condición sen que a sociedade se alporice.

Son consciente de que hai quen pensa o contrario. Que se se gasta moito nas rebaixas é porque a xente dispón de cartos abondo. Propóñolle un xogo. Mire ben de que status son os que así pensan, e logo falamos.

Gran ganga

ANXOS SUMAI

POSOLOXÍA DAS REBAIXAS

Aínda co sabor a mazapán na boca, coa resaca de tanta festa e saíndo do remuíño das compras de reis, chegan as rebaixas de xaneiro como unha rede que nos ampara da caída en picado de tanto consumismo do nadal. As rúas volven encherse de xente, os comercios están arrasados, os manequíns resisten heroicamente nos escaparates, medio desposuídos da súa roupa, os ataques dos compradores máis agresivos. Isto, curiosamente, estase a converter en algo cíclico, nun rito anual, como se precisasemos enche-lo ano de algarabía, de consumo continuado. Cando acaben as rebaixas de xaneiro virá o mes do fogar, o san Valentín, o día do pai, o día da nai... E está ben, porque segundo parece, gastar acalma os nervios e, o que investimos nas rebaixas, aforrámolo en psicólogos e en ansiolíticos.

Creo que todos sabemos quen manda en nós e por iso xa nin nos asombra que sexan os propios comerciantes os que decidan en que momento debemos entrar nas tendas como hostes dispostas a dármo-la vida por unha ganga, case hipnotizados polas ansias de posuír, de transvasa-los artigos en venda ós nosos armarios. E vaia se lle quitamos partido permitíndonos mercar todo aquilo que en temporada seguramente excedía o noso presuposto, sen padecérmo-lo molesto sentimento de culpabilidade e, incluso, sentíndonos orgullosos por termos adquirido, a baixo prezo, a mesma peza de roupa pola que outros pagaron moito máis: aínda que actuemos como ovelliñas alporizadas diante das portas dos grandes almacéns, despois seremos ovelliñas satisfeitas, coa autoestima ben alta.

Sentada no sofá observo as miñas propias adquisicións. Eu que paseaba tranquilamente pola rúa, allea, en principio, a esta ansiedade xeneralizada, reparei nunhas botas de cor rosa e sentín, de súpeto, que sempre necesitara unhas botas de cor rosa. Agora sinto que preciso unhas medias que lle acaian ben ás botas, unha saia que lle acaia ben ás medias, un xersei que quede ben coa saia...

En animal compaña

A barreira entre humanos e animais difumínase cando compartimos alegrías, tristuras e sofá cun destes seres Animais somos todos. Decir "de compañía" xa é atrtibuir unha valoración distintiva ó bicho. Poida que a capacidade para acompañar ou ser acompañado dependa máis dos individuos en particular que das especies en xeral.

En animal compaña

ROBERTO RIBAO

ANIMAIS PARA ANIMAIS

Cando dicimos "animal de compañía" non nos referimos a ese que lle zosca á muller tódalas noites. Falamos desoutros animais distintos dos humanos, case sempre menos animais ca nós, ós que lle cedemos un espacio no noso fogar. Só en termos cuantitativos, xa non é doado falar disto, porque non só temos variacións de dous elementos (humano-animal) tomados de non-sei-cantos en non-sei-cantos, como aprendiamos no bacharelato, senón que podemos estar falando da convivencia de varios animais de distintas especies, de varios humanos de variada animalidade... Como o meu nivel matemático non é para exportar, prefiro mergullarme nos eidos cualitativos da sociolox ía familiar.

O que importa é debater para que serve vivir con animais. Case sempre se fala da compaña que fan. Por iso moitas persoas que viven soas teñen animais. Iso pode ter varias interpretacións, positivas e negativas. Pode entenderse que o que vive cun animal é porque non é quen de compartir casa con outras persoas. Ou pode interpretarse que vale máis vivir cun animal animal que cun animal humano. Menos se entendería cando falamos dunha familia de varios membros. Non lles chega cos animais que hai nela para engadir máis balbordo.

Claro que, mentres falemos de cans e gatos, a cousa entra dentro do admisible, aínda que son dos que prefire ver os animais en liberdade e non nas casas. Unha das cousas que máis me amolan é ver un paxaro nunha gaiola, e se é un loro que fala, aínda máis. Podendo estar nun parlamento, ou nunha perruquería, ou nunha tómbola. Pero como a capacidade de sorprender da especie humana é case que infinita, hai quen ten na casa especies máis extravagantes: lagartos, serpes, crocodilos, galiñas, tartarugas... O caso máis sorprendente foi o que me contaron hai anos. Ós donos dun pequeno bar-tenda nunha aldea preto de Ourense trouxéronlle un pingüín pequeno, que se converteu na atracción da zona. Pero o pobre foi devecendo. Tanto, que o dono optou por metelo na neveira por aquelo de manterlle as temperaturas polares. A cousa seica durou poucos días.

Sinto non ser receptivo coas virtudes terapéuticas que de seguro que aportan os animais que conviven en moitos fogares. Pero eu, de decidirme a compartir espacio con animais quedaríame co unicornio, co can de Ulises (Argos), coas pombas da estatua do conto de Wilde, cos morcegos de Transilvania ou co corvo conversador do Uccellacci e Uccellini de Pasolini. Tamén fan compaña e nin emporcan nin hai que mantelos.

En animal compaña

ANXOS SUMAI

CANDO OS ANIMAIS TEÑEN NOME

O gato de Borges chamábase Beppo. Colette tivo mil gatos, pero sabémoslle dunha nomeada Saha. L.M. Montgomery, que escribiu Anne Green Gables (Ana das Tellas Verdes), compartiu con Daffy, un gato pedrés, catorce anos de creación literaria. Lorca, na Canción novísima dos gatos, escribiu: "O gato […] ten o enorme prestixio de ter sido xa Deus". Pablo Neruda, ¡que animal!, escribiulles toda unha oda. Houbo outros moitos animaliños que, como Baudelaire ("...les amoureux fervents et les savants austeres…"), T.S. Eliot ("You've read of several kinds of Cat…"), Lewis Carroll (que lle deu vida ó Gato de Cheshire e compartiu a súa coa agarimosa Dinah), Allan Poe (poida que a súa gata Catterina lle inspirase The Black Cat) viron un fogar no rabo dun gato deitado ó calor dunha estufa... Non sei, agora non se me ocorren máis, á parte de Greta, a miña gata, que me mira cada vez que entro na casa como se eu fose o ser máis importante do universo, ó tempo que me pregunta, cunha mirada absolutamente intelixente, a onde fun cazar desta vez a súa comida.

Non coñezo tanto os cans, as iguanas ou os canarios. Podería caer no chiste fácil de Jean Cocteau, que dicía preferi-los gatos ós cans por non existiren os gatos policía. Tamén podería citar a Brigitte Bardot, pero creo que non sería unha boa idea. Teño o Flush de Virginia Woolf ou a Buck, o lobo de J. London, ou podería recorrer a algunhas obviedades de Konrad Lorenz, de Rudyard Kipling ou, incluso, de Maeterlinck. ¡Obviedades! ¿Pero é que ninguén viu os ollos rebuldeiros de Flipper, a lingua solidaria da serpe Kaa, o sorriso retranqueiro de Moby Dick, o amor sen condicións dun can calquera? E isto só por falarmos dos animais literarios
Pregúntome que é o que pensan cando nos ven a nós limitándolle-lo seu territorio e as súas posibilidades de acción. Nós, que témo-lo poder de agarrar ou prender cos dedos, nos seus tratados de mitoloxía somos os seus heroes, os seus magos, as súas fadas e os seus deuses. Quizais por iso confíen en nós, se nos sometan e nos queiran.

A vida sóame rara cando se me limita a capacidade de querer, sexa a un lugar, a unha cousa ou a calquera ser vivo; pero aínda se me fai máis rara cando me pregunto de quen somos nós animais de compañía.

Lendas urbanas

Fonte inacabable de imaxinación colectiva que crece co
paso da boca á orella
Coma bolas de neve monte abaixo as lendas urbanas
crecen e modifícanse a medida que pasan de boca
a orella. Imparables, estas verdades populares asimétricas
coa realidade, aséntanse nos escuros rincóns da mente

Lendas urbanas

ROBERTO RIBAO

¡NA, NA, NA, RUMORE, RUMORE...!

De sempre me abraiou a capacidade comunicativa da xente de a pé. Boa parte da miña familia viviu e traballou en Suíza. Lembro que, cando morría alguén na aldea, chamaban por teléfono dende Suíza para informarnos ós que estabamos aquí, a poucos quilómetros do lugar do suceso. Pero a eficacia se demostra tanto para as cousas que son certas como para aquelas que non o son. E, ás veces, funciona mellor cos díxome-díxome que coas verdades. Creo que foi Mark Twain quen escribiu que mentres unha verdade se calza os zapatos unha mentira xa deu a volta ó mundo. Me temo que profundar neste tema nos levaría a constatar algunha verdade nada edificante para a nosa integridade intelectual.

O rumor, o conto ou a lenda poden ter distintas funcións: facer unha brincadeira, meter medo, asentar crenzas relixiosas e pagás, coutar "desviacionismos perigosos", desprestixiar a alguén, mesmo entreter sen máis..., que non é pouco. Os rumores modernos, ou lendas urbanas, adáptanse ós novos tempos e ás novas formas de comunicación. Xa non son inseparables da halitose. Pero probablemente as súas funcións terapéuticas sigan sendo as mesmas. Antes gastábase unha coña na aldea e choteabanse os veciños; hoxe publícanche unhas fotos "comprometidas" en Internet, pero cachondéase media humanidade. Antes metíanche medo dicindo que masturbarse era sinónimo de parálise cerebral; hoxe, dicindo que os nacionalistas son terroristas. Antes, ós nenos dicíannos que nos portaramos ben se non queriamos que viñera o sacaúntos; hoxe, neste mundo idílico, xa non hai malos que visiten ós nenos e só queda xente boa (como os reis magos ou santa claus), así que ameázase con que non veñen. Antes, desprestixiar a alguén tiña o seu mérito, porque a cousa ía en cadea, paseniño; hoxe, os programas de televisión encárganse de facelo cunha eficacia infinita e con difícil capacidade de restauración moral.

Corren malos tempos para os rumores, alomenos entendidos no seu sentido clásico de grande aceptación social malia contar con ecosistemas de transmisión primitivos. Hoxe, os medios de comunicación de masas vulgarizaron e desprestixiaron este fenómeno. Os contos, lendas e rumores de hoxe en día son as múltiples mentiras que vemos, lemos e escoitamos a cotío: que os partidos de dereitas son de centro, que os partidos socialdemócratas son de esquerdas, que os USA son os defensores da liberdade, que as pensións non contributivas son obra de Fraga. Este último quizais sexa o rumor galego por excelencia, o novo sacaúntos.

Lendas urbanas

ANXOS SUMAI

DE BOCA EN BOCA

Unha noite coma esta, coa chuvia boureando nos cristais e o vento a asubiar entre as chemineas, era perfecta para sentarse arredor do lume, onda os adultos da aldea, escoitando contos, case sempre terroríficos, case sempre inventados aínda que quen os contaba insistise en que lle pasaran a unha veciña, a un parente ou a el mesmo. Aqueles contos que se repetían en moitos lugares, só que con personaxes e paisaxes distintos e lixeiras variacións na narración, forman parte agora da literatura popular de transmisión oral, recompílanse e estúdianse minuciosamente, escudriñando o que sentía, o que pensaba, como vivía a xente dunha determinada sociedade nun determinado momento; que consellos, que tabús, que ensinanzas, se querían transmitir a través deles. Estes foron os relatos cos que moitos medramos.

Pasamos da aldea á cidade, pero non perdémo-la capacidade de inventar historias totalmente cribles pero, o mesmo que as anteriores, poucas veces certas. Nas lendas urbanas aparecen situacións novas, como os accidentes de coche, o contaxio da sida ou de calquera outra enfermidade terrible, abduccións de alieníxenas, pgoserias viaxes a lugares remotos, dentes de rato nas hamburguesas, carne humana nos restaurantes chineses, famosos atopados en situacións comprometidas, e ¡como non!, contos sobre os talibán. Pero hai algunhas, como o caso das bandas de ladróns de órganos, que non están lonxe dos sacaúntos da miña infancia aldeá; ou os mortos que veñen avisarnos dalgunha desgracia, aínda que agora non se nos aparecen de noite nunha corredoira, senón nunha curva dunha autoestrada.

Se na miña pequena aldea o conto que nos contaba unha noite un grupo reducido de persoas, era transmitido á primeira ocasión por cada un dos oíntes a outro grupo de persoas, e así en progresión xeométrica, ¿que non pasará hoxe cando alguén estende un rumor a través de Internet? Lánzanse rumores recollidos por centos de persoas nos lugares máis remotos, e volven ecoar e así ata o infinito. Pero desta vez, de forma escrita. Xa non van só de boca en boca, senón de ordenador en ordenador.

Hai cousas que de non existiren habería que inventalas, e de non seren certas merecerían selo. Por iso nestes últimos meses milleiros de persoas creron na existencia do gato bonsai. Igual que cando eu era pequena había quen sabía de alguén que vira un lagarto con alas.

O paxaro de ferro

O soño do home de voar como as aves é antigo, antes que Ícaro moitos miraban ó ceo. As mesmas cousas que fascinan poden aterrorizar, e máis con toneladas de ferro arredor, pero se estás no aire, faite nube.

O paxaro de ferro

ROBERTO RIBAO

¡VOOOLARE..., OH, OH... CAAANTARE... OH, OH, OH, OH!

Cando mozo, fixen a miña primeira viaxe transoceánica xunto cun amigo. Foi tamén a primeira vez que puiden comprobar eso do medo a voar. Non eu propiamente, que xa fixera algunha viaxe aérea máis curta e non tivera problemas. Quen sufriu foi o meu compañeiro. Estabamos no veciño aeroporto de Porto e optou por tomar un wiskie para ver se así levaba mellor o tema. Non debeu abondar, e non tardou en pedir outro. Cando xa iamos cara a sala de embarque, prendeume polo brazo e díxome. Mellor vou tomar outro. Volta para a cafetería. Case perdemos o avión. Durante a longa viaxe meu compañeiro seguiu bebendo, agora viño, e conseguiu entreter á metade do pasaxe coas súas gracias e con aquela frase que se fixo famosa naquela viaxe: ¡e veña viño!. E todo para matar o medo.

A min cústame comprender ese temor. Sen embargo, non me fan ningunha gracia as viaxes en barco. Dáme máis medo o mar ca o aire, e danme máis medo os barcos ca os avións. Por iso quizais sexa acertada a célebre frase popular que di que "o medo é libre", que cada quen ten dereito a ter os seus medos propios e singulares. Pero imaxino que os psicólogos saben atopar as orixes destes temores e destas fobias. Por exemplo, o meu respecto polo mar poida que proveña da primeira vez que me bañei nel, e que case afogo. Traguei moita auga e o susto foi importante. E daquela tiña cinco anos.

Pero o medo a voar é un temor moi estendido. E non resulta doado atopar explicacións nas experiencias vividas. Non sei, quizais se pode quedar traumatizado despois de facer un salto do tigre desgraciado ou de ver unha película tipo Aeroporto 77 e sucesivas. Claro que tamén podería collerse fobia ó cinema despois de ver semellante enxendro. Ademais, se no canto desa película se ve Enmanuelle, a cousa resulta máis pracenteira e ata se pode un afeccionar. Para procurar unha explicación máis xenérica, quizais isto se deba a un exceso de racionalismo de especie ou de esaxerado sentimento de pertenza a unha variedade animal terrestre, e por iso se desconfíe das situacións onde non se teñen os pes no chan.

Cos tempos que corren hoxe, me temo que o medo se vai estender aínda máis. Agora, ó temor primario a non ter os pés non chan ou a ter un accidente mortal de necesidade, engádeselle a posibilidade de que coincida connosco un salvador deses que gustan de esnaquizar avións. E agarden a que, despois do susto, Hollywood comece a comerciar co tema. Fobias a esgalla.

Ó fin, o tema segue sendo coma sempre. Un asunto de azar ou de sorte. Ou de mala sorte. Agardo que as probabilidades de que se esnaquice un paxaro de ferro sigan sendo tan excepcionais como as que temos para que nos toque a lotería.

O paxaro de ferro

ANXOS SUMAI

O PERIGO ESTÁ ARRIBA

Teño un sobriño que acaba de cumprir seis anos. Cando comezou a falar e precisaba expresar que algo o sobresaltaba, fose un ruído, un soño, unha cara descoñecida, amoucaba e dicía: "susto" e todos, pero sobre todo a súa nai, sabiamos que se trataba dunha situación ben desagradable para el. A primeira vez que tivo que voar, precisamente nese momento da súa vida, veu o avión e botouse a chorar. A súa nai colleuno no colo e preguntoulle: "¿Susto?". E el dixo: "Non, medo". Foi esta, tamén, a primeira vez que utilizou na súa vida a palabra medo e, realmente, sabía moi ben o que estaba a dicir.

Agora o meu sobriño, que aínda non é consciente de que estes paxaros artificiais poden caer e esnaquizarse con todo o que levan dentro, sobe a un avión como se fose dar un par de voltas ó lombo dun cabaliño nun carrusel. Eu, sen embargo, sabendo que canto máis voe máis posibilidades teño de esnafrarme, fico desacougada dende días antes de comezar unha viaxe. E gústame viaxar, ve-lo meu mundo dende esa distancia vertical que nos trae, de cada vez, unha sensación de humildade; gústame cando o avión plana suavemente como unha gaivota e vexo o perfil da plataforma continental recortándose sobre o océano, como se fosemos aterrar sobre un mapa.

A min pásame como a Picasso: voar non me dá medo, o que me asusta son os avións. Agroman, só con pensar neses aparellos, a vertixe e maila claustrofia e, sobre todo, o medo a morrer. Cando sobes a un avión perdes o control sobre a vida e, se cae, durante o momento breve pero intenso da caída, ocórreseme a min que sabes perfectamente que non vai sobrevivir ninguén. ¿Son absurdas a morte, a vertixe ou a claustrofia? Daquela non me asombra que haxa quen enferme cando se ten que enfrontar a unha viaxe aérea.

Lembro que cando eu era pequeniña tiña un medo que compartiamos tódolos rapaces da miña aldea (e aínda non coñeciamos a Asterix): mirabamos para o ceo e estarreciamos pensando que as nubes podían precipitarse sobre nós. Agora o meu medo máis grande é caer eu dende o ceo e esnafrarme, sen remedio, contra a terra.

Os dardos do amor

Agasallos envoltos en papel con corazóns viaxan por todo o mundo.
Descoñecemos estatísticas que digan cantas parellas desfánse no San Valentín por que os regalos foron inaxeitados ou inexistentes. O romanticismo semella máis crible se leva un lazo ó redor e se fai tanxible.

Os dardos do amor

ROBERTO RIBAO

DETRÁS DE TODO S.VALENTÍN HAI UNHA GRAN MULLER!

- ¿Carmiña?
- ¿Qué?
- Teño que dicirche unha cousa.
- Pepe, que son as catro da mañá.
- ¿Ti cres niso do San Valentín?
- ¡Era o que che me faltaba! Agora ponse romántico.
- Precisamente diso quería falar. ¿Ti cres que facer agasallos polo San Valentín axuda a ser máis romántico?
- ¡Manda leria! Media vida de langrán e agora acórdanche os detalles.
- ¿De onde lle veñen ó santo esas propiedades nos asuntos amorosos?
- Seguro que porque non tiña mellor cousa que facer.
- Os santos debían ser uns ociosos...
- E seguro que durmían a perna solta. Anda, durme e deixa durmir ós demais.
- ¿Carmiña?
- ¿Que coño pasa agora?
- ¿Porque dis que os santos debían ser moi ociosos?
- Pois porque non tiñan máis que facer que deixar a súa pegada para a posteridade.
- Se tiñan moito tempo libre, tamén o tiñan para pensar...
- E para durmir.
- E se tiñan moito tempo para pensar, se supón que facían ben as cousas.
- ¿Que tomache hoxe na cea? ¿Absenta?
- San Valentín debeu de ser un grande agasalleiro...
- Só pola noite que me estás dando era mellor que se esquecera dunha.
- Pois eu creo que se San Valentín facía agasallos era porque son bos para o amor.
- Serán bos...
- Mañá mesmo vouche dar unha sorpresa que verás como deixas de ser tan escéptica.
- ¿Deixaches á túa muller?

Os dardos do amor

ANXOS SUMAI

E DOUCHE O MEU CORAZÓN...

Hoxe tocoume facer limpeza. Non é algo que poida facer tódolos días, con todo procuro limpa-la miña casa alomenos unha vez á semana. Non me gusta fregar, pero gústame uli-la roupa cando sae da lavadora e limparlle o po ás cousas. Detéñome en cada obxecto un pouquiño, porque todos teñen a súa historia e o contacto con eles tráeme anacos pasados da miña vida. Non sei vós, pero eu conservo os regalos que me fixeron as persoas que amei e que me amaron porque, ó velos, é como cando colles unha bóla de cristal, dáslle a volta e a neve cae con plácida nostalxia sobre a alma. Malia a lembranza ser dolorosa, cando o tempo e o amor pasan, fican eses detalles aí para lembrarche que foi certo: que amaches e que te amaron.

Gústame que me fagan regalos, é evidente. ¿E a quen non? É como se con iso intentasemos converte-lo amor nun obxecto, darlle forma física para poder apalpalo e asegurarnos de que é de verdade e, sobre todo, para ter algo que entregar. Porque, por moito que o desexemos, non podemos arranca-lo corazón e poñerllo na man á persoa que máis amamos. O que menos importa é a forma ou o valor do obxecto en que transformémo-lo noso amor. O que queremos é dalo e, sobre todo, que sexa aceptado. E que conste que non ignoro que o amor demóstrase amando.

Cando vexo as caixas vermellas en forma de corazón en tódolos escaparates, véxoas cheas de promesas, de sensualidade. De declaracións de amor e de manifestacións de desexo (eu vexo o desexo de cor vermella). Poida que só teñan sentido durante un momento, pero daquela son máis importantes que calquera cousa do mundo. Lémbranme os amorodos, apetitosos, salferidos de auga despois dun chaparrón de primavera. Sei que se converterán en nada en pouco tempo, pero a súa presencia faime inmensamente feliz.

Cine entre o millo

Na escuridade dos cines miles de persoas dan conta cada tarde de montes de millo, ó carón outras queixanse de que o ruído das enchentas impide gozar do cine mesmo.
Dous conceptos de espectador para a mesma película..

Cine entre o millo

ROBERTO RIBAO

NO CINE COMO NA VIDA

Xa sei que o sector favorable (SF) a que se poidan comer palomitas no cine argumenta nomeadamente a razón da liberdade de facer e actuar. Liberdade, sacrosanta palabra na súa orixe, pero quizais a máis prostituída do diccionario, hoxe. De seguirmos esta máxima, cada quen podería facer calquera cousa en calquera lugar e independentemente das circunstancias que acontezan. Seguro que a maioría dos membros do SF coincidirán en que non están ben certos comportamentos como, por exemplo, berrar nun hospital, mexar nun autobús, esputar nas beirarrúas, falar nun concerto de ópera, etc. Son accións que amolan ós demais compañeiros sociais, o mesmo que ocorre coa molestia sonora creada coa manipulación e co mascado das palomitas.

Eu gusto da liberdade individual, e moito. E canta máis teñamos, mellor. Pero esa liberdade individual ten uns límites cando afecta á liberdade social. Segundo a miña opinión, o cinema é unha cousa abondo importante como para que se respecten unhas condicións mínimas. O problema non só reside no respecto polos outros que comparten esa situación, senón tamén no valor que se lle da ó propio medio cinematográfico. Por iso case tódolos que valoramos o cinema non gustamos de que se coman palomitas nas salas.

Os membros do SF tamén cren que se deben permitir outras cousas no cine. A lista pode ser interminable: beber, fumar, comer pipas, galletas ou bocatas, escoitar música cuns cascos... O problema está no ruído que se xera nestas accións, que resultan incómodas e desvían a atención dos compañeiros de butaca. Xa que logo, non é positivo calquera comportamento ou acción que distraia ó resto dos usuarios, nun medio que precisamente require dun alto grao de concentración. Case todo o mundo recoñece que é mellor ver unha película no cinema que na casa. Permitindo estas accións homologamos o cine cos aspectos negativos do visionado no fogar. ¿De que serven, pois, tódolos esforzos das empresas por mellorar o confort dos asentos, a calidade do son e da imaxe, as condicións ambientais..., se permitimos accións que fan devecer a súa eficacia?

Me temo que na orixe de todo isto actúa unha falla de respecto polo propio cinema. ¿Por qué, se non, por que non está permitido socialmente comer palomitas na ópera, no teatro ou nun enterro, por poñer algúns exemplos?

Cine entre o millo

ANXOS SUMAI

COME E CALA

Cando era pequena, adolescente e creo que aínda cando estudiaba na Universidade, no cine podíase facer case de todo. Alguén me dixo, polo que lembraba, que só había unha cousa que estaba prohibida: guindar obxectos contra a pantalla. O que si sei, porque eu o fixen moitas veces, é que permitían fumar e comer pipas, incluso podías leva-lo bocadillo e a lata de cervexa. Como nos autobuses, porque antes tamén se podía facer de todo nos autobuses urbanos. Despois comezaron a poñer advertencias de: Prohibido comer pipas, Prohibido tirar envases ó chan, etc. Ata que prohibiron fumar e todo o demais. Agora creo que só che deixan comer palomitas, chocolatinas e beber refrescos sen alcohol.

No cine estamos como quen está sentado no sofá da casa vendo unha película. Aínda que haxa ducias de persoas, unha vez que sentas na butaca e apagan a luz é como se estiveses só; como moito, débeselle un mínimo de compañía a quen te acompañou. Cando comeza a película un pracer estrañamente egoísta percorre toda a sala: a butaca convértese no teu espacio privado. Non te cortas de rir a gargalladas, de chorar como unha madalena nin de gritar. ¿Por que non vas comer palomitas se che apetece? É curioso, hai moitísima xente á que lle importa un pemento escoita-lo teu pranto (pranto alleo, a fin de contas, e que en teoría debería ser máis incómodo que os ruidiños propios de mastigar algunha cousa) ou as túas gargalladas e, sen embargo, escoitan como mastigas unha chocolatina e póñente verde.

Eu, cando estou no salón da miña casa con outras persoas vendo unha película, son desas pesadas que non paran de facer comentarios e, incluso, teño a mala idea de aventura-lo final. Porque me divirte moito adiantarte ós diálogos, poñerme no lugar do guionista e facer eu a película. E debe haber miles de listiños coma min. Por iso creo que habería que agradecer que se nos permita comer palomitas, porque mentres comemos non falamos.

Triunfos e derrotas

Non hai lugar no que non se fale de Operación Triunfo.Os participantes saen baixo cada pedra levantada. Non hai debate que se aprecie que non discuta o tema. Aquí tamén fomos derrotados polo Triunfo

Triunfos e derrotas

ROBERTO RIBAO

OPERACIÓN VOYEUR

Si, xa sei que Operación Triunfo pode verse como un fenómeno positivo. Rapaces novos, con cualidades artísticas, que aprenden e perfeccionan as súas artes na procura do éxito. Vale, todo estupendo. Nada que obxectar. Aínda que penso que tanto a formidable repercusión social como as indulxentes opinións mediáticas están favorecidas precisamente pola comparación co seu parente anterior, Grande Irmán, o programa inútil e baleiro por excelencia.

Pero o que me interesa de todo isto está na outra beira deste fenómeno, nos espectadores, e na enorme resonancia que está a ter esta moda televisiva de agochar a claustrofobia coas intimidades, a programación coas emocións e os síntomas dunha sociedade doente cunha especie de neodarwinismo á carta. E semella que pode máis a fame escópica e voyeurística da xente que a conciencia real do que todo isto significa. Hai uns días, Operación Triunfo acreditou unha audiencia superior ós trece millóns de espectadores (no canto de "audiencia" debería dicirse "audiovidencia"). Eu non é que teña nada contra as maiorías, pero asegúrolle que case nunca as entendo. ¿A xente se interesa polo esforzo, pola arte, pola música? Creo que non. Máis ben se interesan pola intimidade, polas emocións inducidas, pola sensiblería e pola competitividade, a dos demais, dende a folganza do sofá. Se, no canto de Rosa, Chenoa ou Bustamante (observe que informado estou), estiveran Anxo, Ambrosia ou Ludwig, a resposta da xente sería semellante. As cualidades artísticas son o de menos. O que denota isto é unha enorme pasividade intelectual e social. Como tamén pasou co Grande Irmán ou como está a acontecer cun novo programa que consiste en que o espectador se deleite vendo como lles queda a cara ós participantes cando intúen que o seu compañeiro/a lle pode estar sendo infiel. Se está facendo necesaria a lectura do libro do xornalista italiano Pino Aprile, Eloxio do imbécil. O imparable ascenso da estupidez, onde afirma que os intelixentes construíron o mundo e os que gozan del son os imbéciles.

Dado o xeito que está collendo todo isto, non sería de estrañar que aparezan academias de especuladores inmobiliarios, traficantes de armas, especuladores bolsistas ou calquera outro tipo de artistas do "pelotazo". E seguro que tamén terían unha inmensa repercusión. Teño a impresión de estar dando ideas. Créame que o sinto.

Pola súa importancia cuantitativa, a estulticia e a pasividade intelectual deberían ser patoloxías cubertas pola Seguridade Social. Pero non sei se esta tería fondos abondo para cubrir gastos.

Triunfos e derrotas

ANXOS SUMAI

ESFORZO PERSOAL, TRIUNFO COLECTIVO

É luns pola noite. A mesa está posta e a sopa a punto de ser servida. Na tele, acesa porque dá así como unha garimosa sensación de "calor familiar", un fato de raparigos cantan e bailan aprendendo a subir a un escenario, gañando a fama con suor e bágoas. Eles, tan próximos que podían ser veciños, amigos ou incluso parentes nosos, abrázanse, alédanse, rin pero sobre todo choran: vese que é certo que iso da fama custa. Teñen esa ilusión que todos temos en algún momento de acada-la triunfo, de sermos alguén. Pero o triunfo non sempre leva aparellada a fama e, de feito, hai centos de millóns de triunfos persoais e anónimos, case coma este noso de hoxe, de podermos tomar unha sopa quentiña nunha noite de nortada.

Velaí están, rozando a gloria e, polo de agora, tirándolle proveito á fama. A todos nos viría ben -¿ou non?- sabe-lo que é iso, alomenos durante uns instantes. Á parte de que nos vexamos identificados, en certo modo, cos concursantes de Operación Triunfo, a min o que máis me gusta do programa é ver que o ensino serve para algo, sobre todo cando quen quere aprender está motivado. Estes aprendices de estrelas saben que o seu traballo será recompensado, cousa que non acontece as máis das veces. Poida que o que resulte molesto é que o seu esforzo sexa retransmitido pola tele pero incluso iso me parece bo para o espectador, porque quizais aniñe nel unha pequena esperanza de que o éxito lle pode acontecer a calquera. Estamos a ve-lo triunfo do talento e, de paso, dándolles unha boa lección ás productoras.

Poida que os cambios producidos na vida dunha moza gordecha coa autoestima pegada ós flocos da fregona, dun cantante de orquestra que ben sabe ó que é vivir de campo, ou dun albanel que parece un chaval do meu barrio, sexan demasiado vertixinosos e precisen psicólogos para asumiren o éxito e -¡ogallá que non!- posibles fracasos futuros. ¿Pero quen non precisa que miren un pouquiño por el para asumir tanto triunfo e tanto fracaso persoal, diario e anónimo?

Teoría do caos

Albert Einstein sostiña coa frase "Deus non xoga ós dados co universo" a existencia dunha orde lóxica en todo o que nos rodea. Pero a lóxica duns pode non ser comprensible por outros e cómpre acadar criterios comúns que diferencien a orde do caos.

Teoría do caos

ROBERTO RIBAO

MUDA LIMPA E COUSAS ORDENADAS

Habería que definir primeiro que entendemos por "xente ordenada". Porque podemos falar de ordenamento mental. Entón dicimos que unha persoa ten a cabeza "ben amoblada" cando ten os conceptos e as ideas moi claras, e falamos de dispersión cando ocorre o contrario. Tamén podemos falar de ordenamento no xeito de traballar. Hai persoas que son quen de traballar con varias cousas a un tempo sen perder o control de ningunha e, nembargantes, hai outras que só se senten seguras cando se centran nunha única ocupación ou actividade (creo que Umberto Eco os definía como sincrónicos e diacrónicos). E tamén podemos falar do ordenamento das cousas. Vou centrarme nesta perspectiva e deixar as outras para psicólogos e psiquiatras.

Ser ordenado ou desordenado coas cousas pode depender de condicionantes biolóxicos e/ou educativos. ¿Cal é o mellor dos dous comportamentos? Non estou certo. Eu coñezo a xente encantadora que é escrupulosamente ordenada. Pero tamén teño moitos amigos/as patoloxicamente desordenados que non deixan de ser estupendos. Ser ordenado ou desordenado non é, per se, nin malo nin bo. O problema está na hiperactuación, na esaxeración das actitudes extremas, levando uns o tema da orde ata unha disciplina case militar coas cousas e outros que son incapaces de someterse á máis mínima regra de ordenación. Penso que ámbolos dous casos son síntomas dalgún tipo de desequilibrio.

Eu entendo por xente ordenada, aquela que adoita organizar as súas cousas cun determinado criterio, non só para poder atopalas con facilidade, senón tamén porque lle resulta agradable e lle da confianza o feito de que estén organizadas. Por iso penso que existe un factor de carácter estético que interactúa co funcional. Ordenar as cousas a cotío é como mudar de roupa a diario. Necesario sanitariamente e aconsellable para a estética.

Para evitar caer nos excesos dos que falei, hai que saber manter acoutadas en límites razoables tanto as inquedanzas estéticas como as necesidades funcionais. Decátome que estou defendendo unha postura centrada e politicamente correcta. Semella que, como os políticos, vou na procura do centro. Ou como as moscas, que sempre voan arredor do centro das habitacións. ¿Non se fixou nunca nelas? Probe a ordenar as súas cousas e verá como pode apreciar con máis claridade algunhas cousas que antes non vía.

Teoría do caos

ANXOS SUMAI

"DE PATITAS EN LA NADA"

Nun intento de ser máis convincente á hora de defende-la miña desorde e de darlle algo así como unha categoría matemática e filosófica, saín da casa na procura de información sobre a Teoría do Caos. Volvín cun feixe de fotocopias, documentos de internet e algún libro sobre sistemas dinámicos, dimensións fractais e, xa posta, tamén arrapañei cousas sobre a formación do universo, o tempo, a morte... E, ¡claro!, acabou todo sobre a miña mesa de traballo, amoreado sobre libros a medio ler, diccionarios e figuriñas dos ovos Kinder. Como son unha chica de letras e a tal teoría non di nada sobre traxectorias vitais individuais, decidín abandona-lo intento. Ademais, comezaba a desordenárseme o cerebro.

Eu pregúntome por que, se todo tende ó caos na natureza, hai xente empeñada en manter unha escrupulosa orde no seu contorno e, paréceme a min, que ten algo que ver coa anguria que nos produce saber que todo o que facemos tende a desfacerse, que construímos unha realidade á medida que pode derrubarse só con prender un pitillo no momento menos oportuno. É unha loita contra o inevitable. Os que aceptamos convivir coa nosa desorde sabemos da inutilidade de bota-las horas ordenando libros nos andeis, porque, inexplicablemente volven desordenarse -¿alguén viu que acontecese ó revés, que os libros se ordenasen de seu? Sen embargo, sabemos onde está cada cousa en cada momento. Igual que o recendo dun perfume nos pode traer á memoria unha lembranza perdida no fondo do cerebro, cando necesitamos algo en concreto atopámolo de contado. Case sempre. É máis: non precisamos da orde arredor nosa para mantérmo-la cabeza no seu sitio.

A harmonía do meu mundo está na miña mesa inzada de papeis. É como se fóra dela, da súa desorde perfectamente controlada, estivese un pouco de "patitas en la nada", como di o meu amigo Pedro.

Premios literarios

Son unha das principais polémicas da cultura, por desgracia. ¿Son xustos nos seus fins os premios literarios?¿Serven para algo? Vantaxes e corrupcións dos laureis culturais

Premios literarios

ROBERTO RIBAO

HOMO PREMIUM

Confeso que nunca sentín especial simpatía polos premios. Non vou dicir que é mellor que non existan, porque comprendo que teñen unha función social: incentivo, promoción, gratitude... Podería facer unha taxonomía clásica dos premios. Artísticos, literarios, científicos, deportivos, laborais... Mensuais, anuais, por traballos puntuais, para premiar toda unha carreira... Competitivos, mencións honoríficas... Etc. Pero voume permitir escoller un criterio de clasificación máis extravagante, que axudará a transmitir a miña opinión sobre o tema.

Existen premios que son eminentemente "comerciais", onde mediante ostentosas galas se promocionan determinados productos, e mesmo un xeito de entender o mundo. Os grandes premios cinematográficos e musicais serían un bo exemplo disto: Oscar, César, Goya, Grammy... Mesmo se retroalimentan entre eles, cando din que uns son a antesala dos outros. Están tamén os "amañados", como moitos de carácter literario, onde sabemos quen vai ser o premiado antes da deliberación do xurado, como ocorreu varias veces co premio Planeta, por exemplo. Outros son claramente "inxustos", como as medallas Castelao, que adoitan concederse a persoas que pouco teñen que ver co compromiso e coa ética moral, política e social do intelectual rianxeiro. Outros funcionan como "pagamento por servicios prestados", como cando algún medio de comunicación premia a determinada empresa que, curiosamente, inunda de publicidade as súas páxinas ou as súas ondas. Tamén hai premios "de carácter popular", onde vota a maioría, polo que se supón que son os premios máis xustos, menos sospeitosos de amaño e máis vencellados co sentir social. Serían os do tipo TP de televisión, Gran Hermano, Operación Triunfo... Claro que comezamos a ter dúbidas da súa pertinencia cando observamos que adoitan premiarse programas nefastos, personaxes estúpidos e cancións ou estilos artísticos grotescos.

Teño a impresión de que moitos premios son vistos antes como espectáculo que como gratitude a unha obra ben feita. Deixaron de ser unha consecuencia e se converteron nun fin en si mesmos. Con esta dinámica e coa crecente saturación de premios, a nosa especie semella derivar cara a unha nova xeira, singularizada no "homo premium". Claro que antes eramos "sapiens".

Premios literarios

ANXOS SUMAI

DEFENSA DO ESCRITOR PREMIADO

Mil horas sentada diante da mesa de traballo, enfrascada en contar dende si mesma as paixóns humanas, facendo, en fin, literatura. O de narrar venlle da infancia, de escoitar a carón da lareira os contos dos vellos satisfeitos con que os seus relatos tivesen auditorio suficiente e o suficientemente abraiado para alentárlle-la imaxinación. A ela, sen embargo, non lle abonda con que os seus amigos a escoiten, precisa que a súa creación trascenda os límites da amizade e da oralidade. Pero, por desgracia, neste país os editores non están para asumir riscos, sobre todo cando aínda es alguén descoñecido. Por iso menos mal que se inventaron os premios literarios.

Non falo eu aquí deses premios que Delibes chamaba "premios de adorno", dos que afagan a un e pouco máis. Falo dos premios máis esenciais, deses que serven para darche un pequeno empurrón, como á bicicleta dun meniño, e a partir de aí a rodar só. Estes premios que che permiten ser coñecido, que che dan uns cartiños en compensación polo teu traballo, que fan que as editoriais reparen en ti e poidas publicar, parécenme absolutamente necesarios, sobre todo nun ámbito cultural coma o noso onde case é preciso premia-lo máis básico: ser galego e falar en galego. Eu, se puidese elixir, son máis partidaria de que en vez de que che premien un traballo feito che dean facilidades para poder facelo -axudas á creación, bolsas...-, porque así serían máis os creadores que recibisen ese pulo inicial e serían máis os lectores que poderían acceder á súa obra.

Porque os lectores son ó cabo, e por riba de calquera recoñecemento, o que importa. Se te len triunfas, senón ningún premio tería sentido.

Non só música

Da presencia da música en todas partes e como acompañante continua nas nosas vidas poderiamos acabar deducindo que a vida é unha película e que da calidade da banda sonora depende a calidade da vida

Non só música

ROBERTO RIBAO

A MALA MÚSICA NON AMANSA ÁS FERAS

Seguro que vostede tamén sufriu algunha vez o sonsonete de espera que algunhas empresas poñen nos seus teléfonos. Se supón que a súa función é facer menos tedioso o tempo que tardan en atendernos. Comigo case sempre conseguen o contrario, pórme dos nervios. As empresas teñen onde escoller para amolar ó persoal. A primeira posibilidade está relacionada co sistema de gravación. Cando un decide pór unha música na espera do seu teléfono pode optar por unha gravación normal ou por unha desas enlatadas de xeito electrónico. Debe ser máis barata esta última opción que case tódalas empresas botan man dela. E claro, o resultado é arrepiante. O exemplo máis estendido desta desfeita é o que reproduce "Para Elisa", de Beethoven. Como se demoren un pouco en coller o teléfono, remata un por odiar ó músico alemán. Pero, aparte do sistema de gravación, o feito de escoller unha ou outra musiquiña tamén ofrece infinitas posibilidades de abesourar. Teño escoitado verdadeiros exemplos do mal gusto e da perversión. A máis abraiante, aquela canción que só dicía "palomitas de maíz, palomitas de maíz, titi-titi-tititití". Imaxine vostede agardar varios minutos escoitando o titi-titi-tititití... Música gore. Unha terceira modalidade é a de pór unha emisora de radio. Iso, no canto de tranquilizar, enerva aínda máis. Nos obrigan a escoitar un informativo cheo de desgracias e de desfeitas, unha tertulia de impresentables, ou os últimos éxitos de Operación Triunfo. Allan Poe ficaría devecido á beira de semellante proposta.

Esoutro día, o cineasta catalán José Luis Guerín dixo que o silencio era un dos principais tabús da nosa sociedade. Estas prácticas parecen darlle a razón. Creo que é un proverbio chinés o que di "cala, cando o que teñas que dicir non sexa máis importante que o silencio". Por iso eu non vexo a necesidade de cubrir eses espacios co son. Pero, de facelo, que sexa con xeito. Como ocorreu nunha ocasión, que atopei un son de espera que realmente facía ben a función de acougar ó interlocutor. Era música (non enlatada), co tema principal da banda sonora do filme Memorias de África. Pagaba a pena que tardasen en coller o teléfono. Un caso entre centos. Menos mal que sempre nos queda a excepción que fai cumprir as regras.

Non só música

ANXOS SUMAI

BANDA SONORA

Hai quen o pasa moi mal cando ten que subir a un coche cun descoñecido e non sabe de que falar, porque a proximidade física produce unha ansiedade insoportable que só é salvable se no coche hai unha radio. Algo parecido acontece cando entras nun ascensor: se sobes con outra persoa que non coñeces prodúcese unha situación incómoda, pero non pasa o mesmo se hai máis xente, como se a responsabilidade da comunicación con outro ser humano ó disolverse entre máis persoas non nos implicase directamente a nós. E pasa como no coche: se hai música non nos sentimos obrigados a dicir parvadas sobre o tempo, evidencias sobre a boa entrada da primavera e cousas dese tipo.

Non é, polo tanto, polo medo ó silencio –eu creo que os medos máis grandes que temos hoxe en día son a morte e a soedade– polo que ocupamos determidados espacios con música, senón pola incomodidade que producen certas relacións. E cando chegamos á casa e prendémo-la radio ou a tele ou poñemos un disco só queremos poñer orde no noso territorio. Na nosa casa, no pouco espacio íntimo do que dispoñemos, procuramos ter baixo control as cores, os ulidos, os sentimentos, o silencio, o ruído..., nun intento de adapta-lo contorno e facelo á nosa medida, impedíndolle a entrada a aquilo co que non nos apetece convivir. Cando paseamos polo campo, cando nos deitamos na area dunha praia, os sons que escoitamos non nos resultan desagradables, non precisamos poñerlle un “fío musical” que nos faga máis levadeira a nosa presencia alí.

Importamos, como sempre, os protagonistas da nosa propia película persoal. O resto, é unha simple banda sonora.

Humidade relativa

A capacidade do clima para ser centro de conversacións e debates é infinda

Humidade relativa

ROBERTO RIBAO

A CHUVIA, ARTE..., PERO EN MARTE

Chuvia, frío, vento, invernía permanente. Non sei que fixemos os galegos para merecer este castigo, pero o responsable de todo isto que chamamos vida (ou mundo, ou universo) non foi magnánimo connosco en asuntos climáticos. Si, xa sei que hai outros lugares que aínda están peor. Pero eu, ambicioso de min, voume fixar naqueles dos que sinto envexa. Por iso adoito dicir que calquera día marcho para as Canarias. Cada vez que vexo as previsións meteorolóxicas e eses vinte graos de temperatura mínima danme gañas de facer a maleta en cinco minutos e fuxir desta invernía.

Está demostrado que un clima como o noso é prexudicial para a saúde. E tamén inflúe no estado de ánimo. Non hai máis que ver ás mesmas persoas un día de frío, chuvia e vento e outro que faga bo tempo. Son persoas distintas. A aínda hai quen é capaz de ver aspectos positivos en todo isto. Que se se traballa máis, que se andamos menos de cans por aí, que se estamos máis coa familia, que se lemos máis... Non son máis que mitos e adobíos dunha relixión (outra máis), a de resignarse ante as adversidades. Como tódalas relixións, non atende a razóns, polo que esquece as verdades que contradín as premisas da fe. Por iso non din que co mal tempo temos peor humor, máis doenzas, vemos máis a televisión... A nosa sociedade ten unha débeda pendente con isto. O estado de ánimo e o humor non cotizan en bolsa, por iso non son valorados como deberan.

Seica a chuvia é arte en Compostela. Levo dez anos nesta cidade e confésolle que estou afogado desa arte. Ata teño a impresión que encollín desque estou aquí. Os grandes creadores da ciencia ficción inventaron un futuro cheo de drogas, represión, dominacións totalitarias, naves galácticas, planetas inhóspitos, extraterrestres cabezóns, androides metálicos e mutantes deformes. Case sempre adobiados por unha especie de roupa sintética. Se coñece que ningún dos autores era de aquí. Porque houbera sido doado achegarse con máis fidelidade ó verdadeiro futuro. Abondaba con representarnos cubertos de escamas.

Adoitan preguntarme por que visto case sempre con cores escuras. Eu respondo que levo loito polo clima. Un, que por mimetismo, é moi respectuoso coas crenzas.

Humidade relativa

ANXOS SUMAI

A COR DA CHUVIA

Gústame a chuvia. A chuvia que cae mansa, suaviña como unha caricia, delicada e fina, limpa e agarimosa. Gústame a chuvia cando me sorprende violenta na rúa unha tarde de verán e sen paraugas, cando cae aquí e non cae a dous metros diante miña; cando fai que ula a terra seca e cando peta nos cristais con ritmo narcótico, adormecedor, unha tarde de domingo. Gústame a chuvia mesta que cae como unha fervenza, buliciosa, alborotadora, e a que cae en pingueiras distanciadas, grandes e frías. Gústame escoita-lo seu son nas pausas das conversas, a súa persistencia de axóuxere nas noites de insomnio, a súa insistencia agresiva durante días enteiros de treboada, cando de tanta humidade nin te sorprenderías de que os xeranios do balcón se convertesen en peixes de cores e nin te paras a admira-las pedras que florecen. Gústanme a neve e mailo pedrazo, o vento e as tormentas. Pero tamén me gusta o sol.

Precisamente estou na praia, aproveitando un espléndido día de primavera. Se valoro tanto estes momentos felices ó agarimo do sol, como unha velliña moneando na solaina, é por tanta chuvia, tanta brétema, tanta humidade acumulada ó longo de días impenitentes de inverno... Días soleados coma este son para min como tomar unha cervexa cos amigos ó final dun día de traballo, como unha mirada amable, como unha gargallada. Só así se poden valorar estas pequenas cousas. É fermoso senti-lo paso das catro estacións, ver florece-las froiteiras, precisar calcetíns de la no inverno e paraugas e impermeables, xermolar no gris para estourar de cores en primavera. O verán eterno, o calor permanente, é tan asfixiante e ermo como o sol no deserto ou a monotonía.

O bo é que o estou dicindo dende a praia, mirando o ceo detrás dunhas gafas con cristais de estrelas laranxa. Mañá poida que chova e tanto ten. ¡Que ben lle viría unha pouca chuvia pausada, sen afogados, a algún paraíso do sol! Ninguén añora o que ten, ninguén bota en falta a auga nun país coma o noso, a pesar de que só coa chuvia poidamos ve-lo arco da vella.

A orde dos factores

Esas pequenas ecuacións verbais que son os refráns
ás veces (coma neste caso) contradícense.Claro que
sempre pode arranxarse a confusión engadíndolle
novas formulacións:"cada un fala da festa
segundo lle vai nela"

A orde dos factores

ROBERTO RIBAO

COMPAÑEIROS DO VENTO, PIONEIROS DA RISA

"Quen da primeiro, da dúas veces". "Quen ri o último, ri mellor". Son dous siloxismos antagónicos. Por iso, escoller un deles no canto do outro presupón tomar partido por toda unha filosofía da vida, por un xeito de entender o mundo e as relacións humanas. Penso que o segundo tería máis aceptación popular nunha sociedade subsidiada e pasiva como a nosa. Por iso me atrevo a defender o primeiro. Por amolar.

Podería pensarse que as cousas son como rematan ou a todo porco lle chega o seu San Martiño. Permítame que pense que se trata dunha visión pusilánime, cómoda e medrosa. Algo así como crer no destino, tanto da que sexa baixo veo relixioso, esotérico, científico ou pagán. Se por algo nos distinguimos os humanos do resto dos bichos é pola nosa capacidade para definir, programar e construír a nosa vida e o noso futuro. Por iso é moi importante ter capacidade de iniciativa. Non digo que haxa que ser agresivos, non é preciso. Abonda con ser conscientes das nosas capacidades e ter decisión para levalas a bo fin.

É mellor dar primeiro porque xogamos co efecto sorpresa, porque podemos converternos en pioneiros, porque chamamos a atención dos demais e porque resulta máis rendible. O efecto sorpresa se ve moi ben no ámbito deportivo, e podería resumirse con outra premisa: "a mellor defensa é un bo ataque". Ser os primeiros en deseñar un novo producto (Chupa-Chups), un novo xeito de xestión empresarial (Inditex), un cinema distinto e singular (Buñuel), unha arte transformadora (Picasso), unha música distinta (The Beatles), contar historias doutra maneira (Valle Inclán)..., nos pode converter en pioneiros da historia. E, normalmente, cando isto acontece, devén un efecto de chamada de atención que nos da a coñecer. E, seguindo unha cadea lóxica, acertar con algo novidoso ven acompañado dunha compensación económica importante, sempre que saibamos xestionar o éxito da sorpresa.

Quen agarde compracente polo destino corre o risco de coñecer a risa demasiado tarde, ou mesmo cando lle chega o seu fin. Morrer de risa, que negocio. Prefiro o primeiro refrán, porque na maior parte dos casos anula ó segundo. Acertando os primeiros temos máis posibilidades de ser tamén os últimos en rir. ¡Je, je, je!.

A orde dos factores

ANXOS SUMAI

MORRER DE RISA

A tartaruga debeu escachar coa risa cando lle gañou a carreira á lebre. E estou certa de que, precisamente por ser tartaruga e vivir con paciencia, riu sobre todo dunha aposta tan desigual e estúpida: sabía do seu triunfo de antemán. Sabía da estupidez do éxito baseado en ser máis rápido, te-lo corpo máis fermoso, a casa máis confortable, en acada-lo pracer, o poder e a gloria, todos eses obxectivos que che impón a sociedade á que pertences. E, sobre todo, sabía do necio, do efémero e do doloroso -¿compensa o prezo que se paga en soedade e mesmo en fracaso?- de arrear primeiro e botarse despois a durmir. A miña tartaruguiña sabía que o éxito non ten nada que ver con iso senón con sabe-lo que es, coñece-los teus límites e descubri-lo queres ser.

Nese sentido interpreto eu o refrán "quen ri último ri mellor". Tamén podería entendelo como a actitude do voitre que agarda o momento oportuno para sacia-la súa fame e, incluso, dende quen argalla a vinganza durante anos enteiros. Pero eu quero interpreta-lo dende o punto de vista daqueles que teñen por obxectivo aprender a ser pacientes, a esperar, a acada-la meta sen lle facer mal a ninguén, con intelixencia, coa actitude de quen pode dubidar incluso de si mesmo e decide parar e pensar, espreita-lo territorio e as circunstancias coa calma do pescador. Nesta filosofía de vida non compensa o remordemento de esmagar ós do lado para medrar, como unha planta que precisa acada-la luz para seguir vivindo. Non somos quen de arrear primeiro sen sufrirmos despois.

Os dous refráns falan de distintas formas de acada-lo éxito e o éxito máis importante é descubri-lo que queremos que sexa a nosa vida e vivila. Se algún día o conseguimos, poderemos morrer de risa, como a tartaruga da fábula. E os demais, se queren, que se dean co mazo na cabeza. E, por certo, non serán os primeiros. Nin os últimos.

Xirarei, xirarei e xirarei

No 320 a.C Aristarco de Samos defendeu que a Terra xiraba. Hoxe en día tamén hai xiros que suscitan acendidos debates. Xira o mundo e xiran as estradas tamén, e como xa dicía Xil Ríos:"xirarei, xirarei e xirarei"

Xirarei, xirarei, xirarei

ROBERTO RIBAO

POÑAN A CARA ONDE TIÑAN O CU

Non simpatizo en absoluto coas rotondas das estradas. Seica axudan á fluidez do tráfico aforrando en semáforos e evitando riscos nos cambios de sentido, pero a min, en non poucas ocasións, desconcértanme. Sobre todo as que teñen saídas múltiples. Cando vou de conductor decidido adoito confundirme de saída, é como sexa cara a unha autoestrada, cagámola. Cando me comporto de xeito máis prudente acostumo a dar varias voltas á rotonda ata estar certo de cal é a saída correcta. E chega un momento que non sei de onde viña nin cara onde vou.

Seica o das rotondas é un invento francés que se está a estender polo mundo como a néboa. Aquí hai uns cantos anos non existían e agora hainas a centos. Non tardarán en facelas nos círculos centrais dos campos de fútbol, ou nos campos de millo, ou nas chousas, para organizar ás vacas. A min non hai quen me quite da cabeza que todo isto non é casual. Eu sonlle moi desconfiado e me temo que hai alguén moi interesado en que isto se propague. Coa escusa de distribuír o tráfico nos someten a unha desorientación física que, engadida ó desnortamento ideolóxico, remata nunha absoluta desorientación vital. Como noutros tempos foi o circo e o fútbol, agora é a televisión e as rotondas. Antes era co lecer, agora tamén se fai con elementos da funcionalidade cotián. Tortura familiar, achegada, sibilina e silandeira.

Hai quen se droga, hai quen sen emborracha, e tamén hai quen monta nunha noria para esquecer a realidade e desorientarse a pé feito. Pero o fan por vontade propia. Nembargantes, a desorientación das rotondas é obrigada e permanente. Claro que algúns se gaban de que esta caste de persoas que nos significamos como occidentais non precisemos saber onde está a Meca. Pero cumpriría sabermos, cando menos, onde está o norte. "Poñan a cara onde tiñan o cu", din os militares portugueses na instrucción.

Xirarei, xirarei, xirarei

ANXOS SUMAI

PEÓNS E ROTONDAS

Hai unha razón que xustifica a existencia das rotondas: salvan vidas, e moitas. Por iso, e aínda recoñecendo que ás veces se abusa da súa construcción facendo delas un elemento decorativo máis que outra cousa ou saltándose a normativa á hora de deseñalas, as posturas en contra das rotondas parécenme absurdas, unha insistencia teimuda no egoísmo duns hábitos adquiridos á hora de conducir, a defensa dunha postura reaccionaria por parte de quen ten que adaptarse a una nova estructura viaria. E dígoo dende o meu punto de vista: son un peón. Non conduzo e as rotondas para min, coma para tódolos peóns, son un encordio, unha molestia que supón un desprazamento ata un paso de cebra situado a cincuenta metros de calquera saída e, ás veces, incluso unha trampa mortal. Se hai algún prexudicado con este novo accesorio no ordenamento do territorio sómo-los peóns e mailos vendedores de clinex dos semáforos.

Pero incluso así, dende a miña visión de non conductora, vexo nelas algo positivo: a reducción da velocidade evita que os atropelos sexan mortais e incluso, nun lugar como Galicia onde hai tantos centros urbanos configurados á ámbolos lados das estradas, a presencia dunha rotonda fai que o conductor reduza a velocidade e se afaga á idea de que está entrando nun territorio habitado. E, por riba, a máis de diminuí-los accidentes, redúcese a emisión de CO2 e baixa o nivel de ruídos. Parecen razóns interesantes que compensan as molestias que poidan producir. Trátase de toma-las cousas con calma e respecta-lo dereito de todos a desprazarnos. Se funcionan noutros lugares, ¿por que non han funcionar aquí?

É cuestión de afacerse a elas: só hai que aprende-lo sentido do xiro, incorporarse á circulación e ser educado. É unha pequena cousa que axuda a mellora-la nosa convivencia. Como lle gusta dicir a un amigo meu: "na sinxeleza está a fermosura". E neste caso algo tan sinxelo coma un círculo pode evitar que morras.

Economías lingüísticas

Á lingua cáenselle letras igual que ás árbores as follas no outono.

A lingua está sometida a cambios circunstanciais no seu uso que semella que afectan á súa cotización. Coma se dun valor de mercado se tratase. Economízanse letras sacrificando a ortografía a cambio da instantaneidade.

Economías lingüísticas

ROBERTO RIBAO

ARRBBBRVOFFFCHNNNTTTSST

Non é cousa nova que a evolución tecnolóxica inflúa decisivamente no comportamento, nos costumes e no "modus vivendi" das persoas. E ollando a longo prazo, de certo que atoparíamos tamén mutacións corporais, biolóxicas e ata xenéticas. As comunicacións a distancia (telefónicas, en rede, audiovisuais...) están incidindo nun dos aparellos simbólicos e comunicativos fundamentais: a lingua. Coas comunicacións pola rede agromaron os chamados "emoticonos", combinacións de signos do teclado que simbolizan un concepto como, por exemplo, :-) (ledo). Iso, ben mirado, ata resulta simpático.

Outra cousa é a linguaxe "sms" que se está impoñendo entre a mocidade que se comunica polos mal chamados teléfonos móbiles (insisto en que deberían chamarse portátiles, porque os que nos movemos somos nós). Esta linguaxe fundaméntase na abreviación das letras para abaratar o custo da chamada. Isto vai resultar moito máis serio, polas interferencias idiomáticas que introducen, suprimindo vocabulario, signos de puntuación e, nomeadamente, a maioría das letras vocais. Ou sexa, o empobrecemento do idioma.

Xa sei que hai quen vai dicir que son un rancio ou un inmobilista, pero nestes temas comézase pola man e remátase por coller o brazo. Comezouse por escribir "Chmt xq qro q vñas o meu cmpre" (Chámote por que quero que veñas ó meu aniversario). Xa logo escribiremos: "1 nte n mño, 1 nte n e nda. 1 smniña nteir, is s q e mñada" (Unha noite no muíño, unha noite non é nada. Unha semaniña enteira, iso si que é muiñada). E corremos o risco de rematar así: "Ar, af, arp, avdmo, nscnv" (Adeus ríos, adeus fontes, adeus regatos pequenos, adeus vista dos meus ollos, non sei cando nos veremos). Seguimos camiñando cara os xeroglíficos exipcios. Eterno retorno.

¡Aleluia! (Ata Logo E Leva Unha Irreverente Aperta)

Economías lingüísticas

ANXOS SUMAI

O SEGREDO ESTÁ NA PASTA

Neste pequeno -escaso- verán que nos alegra os días de primavera, cando os desexos nos dan patadas nas tripas e nos sentamos nas terrazas como lagartos en busca do sol e as parellas se separan -case todos perdémo-lo amor en primavera- e recende a azahar e imos esvarando preguiceiros ata as sombras mornas da noite, un pensa no pequeno que é o mundo e en canto costa dicilo. En canto costa dicir cousas importantes e saír das incomunicacións da convivencia obrigada do inverno, en que se nos pon a pel húmida e distante, os corazóns engrúñanse procurando o calor dun mesmo, o calor do puro egoísmo, e todo se confunde. Agora, xusto agora, a miña amiga Carlota recibe unha mesaxe no móbil. Só dúas letras, "QM", e a ela bríllanlle os ollos como se recibise unha carta de amor escrita polo mesmo Lord Byron: ela é así de romántica. "Quéreme moito", di, e quédalle na cara ese sorriso arroubado e as meixelas acéndenselle como se lle desen un bico na boca.

Falar custa. Pode custarche horas de sono, a tarifa de internet ou unhas cañas de cervexa. Pero é curioso que cando millóns de persoas entran en contacto a través dun simple aparello que podes levar no bolsillo facilitando así a comunicación, sempre aparece quen se cabrea precisamente porque millóns de persoas se comunican, dinse cousas -urxentes ou non, agudizando o inxenio para aforrar pasta-. Pensan entón no gran dano que lle fan á ortografía os sms e eu pregúntome que terá que ver un "h" de máis ou de menos, que importancia pode ter unha vocal cando con dúas consoantes podes transmitir unha mensaxe intelixible. Só estamos a falar de recados e os recados, como a lista da compra, non teñen ningunha influencia sobre as normas ortográficas, do mesmo modo que os telegramas, ó longo de todo o século XX, non afectaron para nada á sintaxe de ningún idioma.

Non se trata de escribir unha novela. Ti podes dicirlle "QM" a alguén que queres, pero se lle escribes un poema de amor farílalo con tódalas letras. ¿Ou non?

Dente e padal

Entre ter bo dente e ter bo padal hai algunhas diferencias ineludibles.
A mesa é para algúns o altar da cerimonia suprema e exultante do gozo gastronómico e para outros unha galería onde expor a arte do ben comer.

Dente e padal

ROBERTO RIBAO

GALICIA CANTIDADE

Meu amigo Gumer está convencido de que o famoso slogan institucional "Galicia calidade" non casa ben co comportamento sociolóxico dos galegos. El defende que debería ser "Galicia cantidade". Estou de acordo con esa aguda e irónica apreciación, sobre todo se nos movemos nun contorno rural.

Na casa do meu avó, como en tantas outras, facíase viño para o consumo propio. E como era unha unidade familiar moi concorrida, o que se precisaba era viño abondo para que chegara ata a seguinte colleita. Por iso meu avó non se preocupaba pola calidade do viño, mesturando toda canta uva alí chegaba, mesmo a que ía mercar á feira para completar a cota necesaria para abastecer aquela sorte de bebedores. Moito discutín eu con el os anos que lle axudei a facer o viño, na procura de acadar un producto un pouco máis xeitoso. Pero a pegada que deixaron no meu avó aqueles miserentos anos da posguerra non fixo doado o entendemento.

Isto non só ocorre no ámbito familiar e rural. Abonda con asistir ás racións de comida que nos poñen en moitos restaurantes, que adoitan facernos pensar que se trabucaron de mesa, ou de número de comensais, ou que se trata dun castigo, ou dun programa deses de cámara agochada.

Non quero que se interpreten mal as miñas palabras. Non cuestiono a calidade dos nosos productos. Pero destacamos máis polo exceso que pola exquisitez. E tampouco me parece mal que se pretenda dar unha imaxe de cualificación para atraer o turismo. Pero habería que probar a vender aquelo que se asemella máis coa realidade. Ó mellor medraba a cantidade de visitantes.

Dente e padal

ANXOS SUMAI

POUCO, DELICIOSO E SAN

Se o emperador Vitelio engulía mil duascentas ostras antes do xantar, ou se Gargantúa tragou nunha salada seis peregrinos, ou se un veciño meu come unha ducia de ovos estrelados, mollando neles un molete enteiro de pan antes de papar dous polos asados, é cousa deles: deles é a súa voracidade e a súa avidez, e que gocen da gula como lles pete. No peor dos casos poden morrer gotosos e diabéticos, como dicía Cunqueiro que lles pasaba ós emperadores, e acabar no terceiro anel do inferno do Dante. A miña nai xustifica a excesiva comida que prepara tódolos domingos coa fame pasada, coa mesma ansiedade que levaba a Heinrich Böll a amorear paquetes de cigarros na casa polas dificultades que atopou para mercar tabaco durante a Segunda Guerra Mundial.

Eu, sen embargo, prefiro a outra forma de comer, ver algo suculento pero breve no meu prato e, daquela, tan apetecible; senti-lo seu olor e a súa deliciosa presencia ata que o cerebro me di que desexa iso que está aí inmóbil, á túa total disposición, que quere que algo tan atraente e apetitoso pase a formar parte do corpo. Colles un bocado, que se che vai desfacendo na boca como os encaixes do vampiro Lestat co paso do tempo. Gozas deste poema coa vista, co olfato e co gusto: podemos gozalo porque o noso problema, agora, xa non é a fame. Quen me coñece sabe que como pouco, que me espantan os pratos acugulados de comida e os grandes banquetes, eses en que durante horas os camareiros van deixando sobre a mesa carnes e pescados, saladas e dóces, viños e licores, porque despois de tanto comer a túa cabeza apampa e a penas podes facer outra cousas que tomar un almax e durmir. Os excesos son esgotadores.

Parece que foi na cociña onde o ser humano puxo máis imaxinación e creo que os cambios nos hábitos culinarios permitiron dar pasos adiante na evolución. (Por certo Ribao: graciñas polas cincocentas receitas de Pintxos Donostiarras. “Se me hace la boca agua”.

Unha de piratas

Hai unha imaxe romántica da piratería asociada ós indómitos saqueadores do mar Caribe, na actualidade a piratería está moi lonxe diso e as súas consecuencias afectan ó tecido industrial do que moitos artistas viven

Unha de piratas

ROBERTO RIBAO

A SÍNDROME ERROL FLYNN
ou a necidade de se crer pirata

A principal razón dos que xustifican a piratería de soportes con contido musical é o seu prezo excesivo. Esoutro día ofrecéronme un CD a 3 euros, no canto dos 20 que custaba na tenda. ¿A canto habería que rebaixar ese prezo legal para que desapareza a piratería? ¿A 3 euros? ¿Pensa vostede que se pode producir un CD por ese prezo? ¿De onde se sacaría para pagarlle a tódalas persoas que viven arredor desa industria?

Os estados da UE significánse por se dotar dun sistema fiscal redistributivo onde, vía impostos, se detraen fondos segundo a capacidade económica individual e familiar, para financiar as políticas PÚBLICAS (infraestructuras, prestacións sociais, ensino, sanidade, cultura...). As redes da piratería funcionan ás costas deste sistema. Porque os beneficios que produce non son declarados nin no circuíto impositivo comercial (IVE) nin na declaración da renda (IRPF). Iso convértese nunha burla dun dos principais alicerces éticos do noso sistema socioeconómico.

Resulta curioso que moitos dos que adquiren cedés clandestinos o fan por solidariedade cun vendedor ambulante que se gana a vida como pode. Sírvome do seu antónimo, a insolidariedade, para definir o comportamento de quen, mercando un CD pirata, ceba os bandullos das redes mafiosas favorecendo unha competencia desleal coas empresas legais (non só transnacionais), usurpando boa parte dos ingresos de músicos e artistas, suprimindo postos de traballo e minguando a capacidade redistributiva da administración e do estado, ó reducir os ingresos das arcas públicas. Tampouco son poucos os que o fan para se enfrontar cun sistema que non lles gusta, prexudicando ás corporacións transnacionais. Baixo o veo do enfrontamento co sistema, o que fan é favorecer a aqueles que se aproveitan del. Porque este tipo de accións fan boa unha das máximas do neocapitalismo salvaxe: a desregulamentación. O comportamento prepotente, abusivo e dominador das transnacionais non se combate propiciando as redes ilegais, que rematan por se converter noutras transnacionais, pero clandestinas. Aquí non serven as técnicas forestais, que combaten o lume con máis lume. Ademais, sería interesante saber que tipo de persoas son as que están detrás das mafias da piratería. Ó mellor tórnase indixesta a solidariedade da que falan algúns.

As actitudes que veño de cuestionar responden ó que eu chamo "insolidariedade diferida", que tamén agroma con esa importante bolsa de xente de esquerdas que non vota nas eleccións e posibilita que sigan gobernando os de sempre (mesmo co risco de favorecer á extrema dereita, como en Francia). Está moi ben erguerse pola mañá e decidir ser moderno, anti-sistema ou mesmo ácrata. Pero antes diso cómpre tomar un café e reflexionar sobre as súas consecuencias. As aventuras de Burt Lancaster e Errol Flynn, de sabres, parches nos ollos e abordaxes, mellor deixalas para o cinema.

Unha de piratas

ANXOS SUMAI

QUEN ROUBA A UN LADRÓN...

Soa un tema dun grupo de acid jazz. A música, agradable e ó volume xusto, favorece a conversa que a noite leva por camiños satisfactorios. Achégasenos un mozo chinés, non para vendernos rosas, senón para guindar sobre a mesa unha morea de discos que saca, sen pudor ningún, dunha mochila na que debe haber alomenos douscentos. Nós, que somos catro, imos seleccionándoos e mercamos seis cedés piratas, entre eles precisamente un do grupo que estamos a escoitar. Igual tiñamos que sentir remorsos, como se defraudasemos a Facenda, porque defraudar á SGAE parece unha cuestión de Estado. Ó mellor tamén nos tiñamos que sentir culpables pola cantidade de xente que está a despedi-la industria do disco. Pero, ¡que lle imos facer!, temos máis preto a este bolsero chinés que ó presidente da Virgin, ós executivos da Sony, ós avogados da SGAE ou ás estrelas da música. Estamos máis preto dos piratas que dos atracadores.

Confeso que máis da metade dos discos que teño na casa son copias ilegais adquiridas a manteros, bolseros, baixadas de Internet ou sacadas das discotecas privadas dos amigos. Moitos deles non os tería mercado na vida, simplemente por seren tan caros e, sobre todo, descoñecidos para min. Gracias ó pirateo coñezo moita música e moitos intérpretes e, como me gustan, vou ós seus concertos e mesmo merco os seus discos, porque cando me interesa algo eu prefiro posuír -como todo o mundo- discos orixinais. Dámos no de sempre: a música é moi cara, comparade o prezo dun CD de novidade co de calquera película en VHS que acabe de saír e pensade no que custa editar un disco e no que custa producir un filme. Ademais, seriamos imbéciles se non lle tirasemos proveito ás facilidades que nos ofrece a tecnoloxía.

Estou a ler, mentres escoito a copia pirata do Brodway-53nd de US3, un poema de Du Fu que principia así: "O estado foi destruído, as montañas e os ríos sobreviven". A música sobrevivirá a piratas e atracadores, incluso á auto-análise urxente que deben facerse as discográficas. Elas non inventaron a música: convertérona nun negocio.

O mellor amigo do home

Xa non se segue a máxima xornalística de que non é noticia cando un can morde a un home, agora o que xa non é noticia, por habitual, é que o home queira manexar ó resto dos seres vivos coma monecos ó seu servicio

O mellor amigo do home

ROBERTO RIBAO

CAN-GUELO

Resulta curioso que os humanos nos permitamos a liberdade de cualificar de violentos a determinados animais, despois de ver o feixe de fazañas bélicas e barbaridades que ateigamos. E sabendo que, entre nós, hai animais máis animais ca os animais. Véxase Ariel Sharon, por exemplo. Tamén cómpre sermos conscientes de que a nosa sociedade ten problemas máis importantes, que xeran unha violencia soterrada e cotián máis prexudicial e nociva: a desigualdade social, a explotación laboral, o acoso sexual, o caciquismo, os paraísos fiscais, as corrupcións (política, empresarial, xudicial)...

Superadas estas precisións, quero suscitar as miñas dúbidas acerca deste poliédrico tema. Eu non convivo con animais porque non lle atopo especial chiste, pero comprendo que haxa a quen lle guste, ou mesmo a quen lle sexa case imprescindible compartir a súa vida cun animal de compaña. Hai pouco sorprendeume unha noticia na que se informaba dunha sentencia favorable a unha familia, creo que australiana, que foi denunciada polos veciños por ter tres enormes porcos na casa. A ninguén se lle pode privar da posibilidade de compartir vida cun animal aínda que, ante a mínima dúbida sobre o seu comportamento cos demais (máis ou menos animais), é mellor non telo. E a administración debe controlar seriamente isto para evitar feitos desagradables como os que acontecen ás veces. E como sospeito que os humanos temos algo que ver con determinados comportamentos dos animais domésticos, este control tamén debe facerse extensivo ós donos, respondendo estes das falcatruadas daqueles.

Non sei nada de cans e dos seus posibles comportamentos agresivos, e imaxino que non ha resultar doado establecer uns parámetros sobre os cales determinar cando son perigosos e cando non. Pero cómpre maior información para todos. Porque si é certo que, tras determinadas noticias nos medios, hai unha certa psicose arredor deste tema. Podendo escoller, e malia resultar entre "hortera" e "kitsch", prefiro os "cans afirmativos", eses que viaxan na bandexa posterior dos automóbiles e abanean a cabeza asentindo a todo canto lle poidan dicir dende fóra, mesmo se son burlas ou insultos.

O mellor amigo do home

ANXOS SUMAI

ANXOS PERIGOSOS

Véxoos xogando cos meus sobriños. Os dous cativos, de tres e cinco anos, séntanselles no lombo e brincan neles como se fosen cabaliños dun carrusel; túrranlles das orellas, danlles de comer coas mans, póñenlles gravata e sombreiro, preocúpanse se os ven tristes, non queren que queden fóra nas noites de inverno, ínzanos de fariña, apréndenlles a xogar ó fútbol, acaríñanlle-la cabeza cando dormen. Nunca se me pasaría pola cabeza que un dos cans -Sol é un inmenso pastor alemán e Lucas é un cruce de husky e non se sabe qué- puidesen arrincarlle o pescozo a ningún meniño. Eu sempre os vin así, cariñosos, rebuldeiros, protectores, ás veces cabreados pero sempre agradecidos de que os afastasemos dos seus medos máis grandes: a soidade e o abandono. Quizais, máis ou menos, os nosos propios medos.

Poida que sexa unha inconsciente, dígoo por toda a alarma social que a prensa alentou sobre o tema, pero eu sigo acariñando os cans que se me achegan. Paréceme excesivo que se convertan nun problema xeneralizado os ataques puntuais dos cans, que sempre os houbo, e non só de cans de gran tamaño. Pero claro, un ataque dun caniche non é noticia porque daría a risa, nin un ataque dun gato: ¡ e vaia se pode ser perigoso un gato! Agora intentamos atalos coas leis, como ós adolescentes, como se promulgando leis calasémola nosa responsabilidade. Facémolos vivir nun mundo que a nós mesmos nos volve tolos de insatisfacción, prendémolos dunha correa que non lles permite gasta-la súa inmensa enerxía, adestrámolos para que defendan a morte as nosas propiedades, os nosos medos máis miserables, explotámolos en pelexas sanguinarias contra outros cans, maltratámolos, abandonámolos…

Que si, Carlota, que tes razón. Que a culpa non é do pastor alemán do teu veciño, que o pobre can tivo a desgracia de caer nas mans dun cretino. Que os que estamos cada vez máis violentos e agresivos somos nós. Que se para nós un dos pesadelos máis terribles é que un can nos arrinque a cabeza, eles posiblemente soñen con que, a persoa que máis queren, os abandone nunha estrada ou os aforque nun carballo despois de remata-la tempada de caza.

Primeiros grolos

Beber os primeiros grolos antes era sinal da fin da pubertade. Hoxe sorpréndenos que este rito se masificase e a xente nova non teña mellores valores, pero se os valores actuais os dictan os índices de audiencia, os botellóns son líderes.

Primeiros grolos

ROBERTO RIBAO

BEBER PARA ESQUECER

Seica beben moito alcohol os xoves. Pero o que máis amola é que o fagan á vista é con balbordo. Os gobernantes acórdanse deste tema cando os veciños se queixan do ruído e do lixo. Ata agora, os rapaces bebían igual e a ninguén lle preocupaba. Como tampouco parece preocupar que a mocidade esté desmobilizada social e politicamente, que consuma máis cartos en alcohol ca en cultura ou que os referentes daquela están nos personaxes da televisión, a maioría deles de dubidosa integridade moral. Nun recente estudio sobre hábitos de consumo dos xoves galegos, indícase que estes destinan o 3,8% do seu gasto a bens culturais, mentres que dedican máis do 17% ó acceso a locais de lecer e bebidas. O perfil medio responde a un/unha mozo/a que vive na casa dos seus pais, que valora principalmente a súa imaxe e a roupa, que se preocupa pouco pola ideoloxía e que os seus novos referentes son os personaxes da televisión, no canto dos pais e dos profesores. Un 60% non teñen en conta os valores sociopolíticos na súa orientación vital. Todo este conxunto de despropósitos evidencia un fracaso social das políticas públicas. E as solucións que se anuncian, prohibición e represión, son síntoma de incompetencia para abordalas no futuro.

Que os rapaces consuman máis alcohol ca cultura non é bo. Pero non debería de sorprender, se comparamos o mundo idílico que se lles ofrece co que se atopan: contratos lixo e condicións laborais precarias, prezos da vivenda inmorais, destrucción progresiva do medio ambiente para satisfacer ós especuladores, o modelo de sociedade policial que se albisca... Eu penso que non beben abondo, porque aturar este ecosistema social xustificaría unha tranca permanente. Ademais, aquí bebe todo o mundo, dende os curas na misa ata os altos executivos celebrando as súas comisións. Eu mesmo adoito beber viño, non para celebrar misa nin para festexar chanchullos, senón para esquecer esta desfeita.

O botellón non é a orixe do problema, senón unha consecuencia doutros. Aínda supoñendo que o fose, non é, nin moito menos, o principal. O día que se aborden os "verdadeiros" problemas, prométolle que deixo o viño.

Primeiros grolos

ANXOS SUMAI

REIS DE COPAS

Sábado ou domingo pola mañá. Os gardiáns da limpeza moral pasan a vasoira polas rúas e escandalízanse ante os refugallos de xente nova ansiosa de relacións sociais, como se nos deixasen en tanto lixo as mensaxes da súa rebeldía que, nunha sociedade que seica "vai ben", non teñen outra forma de canalizar. Poida que non quede espacio para a aventura, que non haxa lugar para os grandes soños, que non exista mellor maneira de marca-las diferencias xeracionais; poida que todos teñámo-la culpa de que os rapaces intúan que cando se lles acabe a mocidade e os estudios van dar nun mercado laboral saturado. Quizais non saiban onde investir tanta enerxía nin como acalmar tanta imaxinación. Non o sei, algo non vai ben: é como se comezase a saír á luz o po agochado durante anos debaixo das alfombras, e des-culpádeme o pesimismo.

Non teño nada en contra de que a xente nova faga o que lle pete co seu tempo de lecer, pero non aturo a súa falta de respecto. Recoñezo na súa ousadía ó defende-lo dereito ó ocio, a miña propia ousadía adolescente. Teñen dereito, evidentemente, pero todos temos dereito a sentarmos nos bancos das prazas e na herba dos parques sen por iso deixarmos todo estrado de botellas, bolsas ou vómitos. Tamén temos dereito a durmir, se nos apetece, tódalas horas dunha noite, xusto cando eles poñen en práctica o seu dereito á diversión. Os hábitos cambian e pasamos das roldas tran-quilas polos bares calquera día da semana á concentración masiva dos venres e dos sábados importando formas de ocio alleas, como tantas outras cousas. Beben só durante a fin de semana e, en moitos casos, beben a morte, nun descontrol colecti-vo. ¿As copas son caras? Vale. ¿E se no canto de bebe-lo mundo dun grolo bebese-mos menos e disfrutasemos máis?

Ó mellor o que me pasa é que non dou entendido esa necesidade compulsiva que teñen os rapaces de reunirse en masa para facer sempre o mesmo. Neste caso, beber. Posiblemente tampouco entendese, se se dese tal circunstancia, que se xuntansen centos deles sistematicamente tódalas fins de semana, durante horas e horas, para le-lo mesmo libro, para toca-la mesma canción coa guitarra ou para facer pesas nun ximnasio. Hai tempo e momento para todo, incluso para tomar unha copa cos ami-gos.

Dignos de admiración

A sociedade, ó definir ós seus heroes, está a definirse a sí mesma.
A definición de "héroe" ten innumerables acepcións.
Según Platón os héroes eran semideuses, nados da unión dun ser divino cun ser mortal. Sexan deste ou doutro mundo os heroes existen só porque hai perdedores, subordinados, e máis alá, antihéroes.

Dignos de admiración

ROBERTO RIBAO

SANTOS PAGÁNS

A existencia dos heroes e dos mitos responde a unha estratexia da que nos servimos os humanos para ignorar as nosas limitacións intelectuais, procurando referencias "superiores" que nos liberen do trauma da nosa insignificancia. O mesmo ocorre coas relixións, que serían a versión maximalista do tema. A historia está inzada de extravagantes deuses mitolóxicos, heroes da navegación, emperadores por designio divino, salvadores universais (polo mesmo designio), guerreiros que gañan batallas despois de mortos, enxeñosos artistas do Renacemento, lúcidos pensadores da Ilustración, estrategos militares, colonizadores teimudos, intrépidos aviadores... O ser humano, que veu demostrando unha inmensa capacidade de progreso tecnolóxico, tamén o veu facendo por se mergullar na estulticia. Porque unha cousa é ter referencias ou recrearse ludicamente con elas (cada quen pode entreterse coa estupidez que queira), e outra moi distinta é a exacerbación daquelas. Vale que gocemos de xeito festivo coa reverencia a seres etéreos e superpoderosos, pero non parece moi sensato encomendar as nosas vidas, sociedades e destinos a dogmas e prexuízos irracionais.

Coa chegada da sociedade de masas, os heroes trasladáronse ó mundo do espectáculo, nomeadamente ós eidos do cinema, do deporte e da música. Malia terse experimentado cambios sensibles, a súa función segue sendo a mesma. Que máis da deuses do olimpo, santos, actrices ou cantantes, todos son variados e extravagantes veos cos que agochamos a nosa incapacidade intelectual. Hai quen defende que, froito dunha evolución social, melloramos moito con esta translación mitoloxía-relixión-espectáculo. Eu penso que non hai tal evolución. Son as mesmas serpes con distintos pelellos.

A mocidade sempre foi o principal caldo de cultivo dos mitos. E unha sociedade onde os mozos teñen como referencia a cantantes de dubidosa calidade e proceder ético, a deportistas evasores de impostos, a banqueiros corruptos, a políticos xenófobos, fascistas e mesmo asasinos, non semella gozar de moi boa saúde. Ver eses milleiros de mozos desencaixados, frenéticos, case posuídos, berrar ante o paso dos participantes de Operación Triunfo ou de Gran Hermano ratifícame na idea do progreso con sentido cíclico (eu diría circular, como o dos burros coa noria). Non avanzamos nada no que debería ser o noso guieiro de futuro: a relativización da nosa existencia e das nosas relacións e a mesura na interpretación do mundo. Probablemente o ser humano sexa o ser máis intelixente e o máis estúpido da Terra. E hai que ver o que costa manter esta primacía simbiótica.

Dignos de admiración

ANXOS SUMAI

I WANT A HERO, ESCRIBIU LORD BYRON

Cando as utopías esmorecen como un soño ó espertar, cando se esvaecen as crenzas máis enraizadas, cando a ciencia esnaquiza mitos e lendas e derruba os dogmas de fe, os heroes deberían estar mortos. Pero non: mirando o solpor, véxoos esvarar pola liña vermella do horizonte como aquel pirata que, no seu navío, me fixo desexar por vez primeira a liberdade, ou coma o Capitán Trueno que acougou as miñas arelas infantís de aventura, ou quizais coma Supermán que, coma un anxo, viña salvarnos dos nosos erros máis catastróficos ou, incluso, como Xoán Gaivota desafiando os propios límites físicos. Vexo, no solpor e dende o miradoiro da miña casa de princesa, como eses novos heroes esvaran polo ceo convertidos en puntos e en liñas ata materializarse na pantalla da televisión. Pero ¡ollo!: estes personaxes que millóns de persoas queren imitar, sexan os bos ou os malos da peli, non son heroes senón personaxes que publicitan a nosa 'encantadora' sociedade.

Querido lector: hoxe son un anxo negro e sinto dicirche que os heroes, o mesmo que os reis magos, non existen. Só son espellismos, mentiras que nos protexen da espantosa verdade da vida, ansiolíticos que acougan o terror de sabernos únicos e sos. Espantosamente sos. Cando teñámo-lo valor de enfrontarnos a nós, de coñece-la nosa forza e a nosa fraxilidade, a nosa beleza e as nosas miserias, a nosa afouteza e a nosa debilidade converterémonos en heroes. Pero é máis doado procurar modelos a seguir, ser como alguén que xa é ou que outras persoas nos inventaron para imitar, liberándonos así da responsabilidade de ser nós mesmos. E, no canto de elaborarnos a nós -que dá moita vertixe e hai que conseguir un posto de traballo, casar, mercar unha casa, ter fillos, un plan de xubilación e morrer- é máis doado elixi-lo modelo que máis nos conveña. Así, á carta, entre as opcións que nos ofrece a tele, o cine, o fútbol, a política, os videoxogos, as ONG's, a literatura, as guerras ou a tecnoloxía.

Non existen, pero recoñezo que os buscamos porque os necesitamos. O mesmo que procuramos un flotador por se acaso non sabemos nadar, calquera día podemos erguernos buscando, como Lord Bryron, un héroe que nos salve de nós mesmos.

Carpe Diem

Os "días de..." serven só para lavar a conciencia ou
para ilustrar carencias.
24 horas dedicadas a pensar en como resolver un problema
deberían concluír cunha achega de ideas tan numerosas
e boas que o problema se solucionase. Se non ocorre así,
o día non estivo ben aproveitado.

Carpe Diem

ROBERTO RIBAO

"DÍA DE...", DATE POR FODIDO

Cando falo de "día de" non me refiro a unha data clave para un atraco nin ó desembarco de Normandía, senón que aludo á práctica pola que decidimos dedicarlle cada día do ano a unha cousa. Evidentemente, hai "días de" de diferente condición e para tódolos gustos. Obviando algunha efeméride máis exótica ou extravagante, a maior parte destas dedicatorias son para recoñecer e lembrar aspectos da nosa vida realmente importantes. E, a pouco que reflexionemos, observaremos que a maior parte dos temas escollidos para a dedicatoria non funcionan ben.

Hai un día mundial do medio ambiente, porque existe unha conducta depredadora e degradante do ecosistema por parte dos gobernos, das empresas e tamén por parte dos cidadáns. Hai un día da muller traballadora porque, encima de que traballan máis e mellor ca os homes, sofren o castigo da desigualdade económica, dos malos tratos, e dun machismo, ás veces rancio e brutal, ás veces cínico e sutil. Existe tamén o día internacional da paz, porque cada século que transcorre na evolución humana supera en violencia ó anterior. E este que vimos de estrear xa comezou moi lindo.

Celébrase tamén o día mundial da infancia, porque @s nen@s sofren nas súas carnes, non só a fame e a morte nos casos máis extremos do terceiro mundo, senón que tamén son víctimas da avaricia e da miseria moral dos adultos, nomeadamente traballando coma escravos medievais para as grandes corporacións. Hai un día das letras galegas porque, malia levar vinte anos de autonomía, o idioma galego non deixou de ocupar o status de lingua secundaria, porque as autoridades políticas e administrativas que nos gobernaron ata agora non cren nunha Galicia na que o galego sexa o idioma, non só oficial, senón usual. E se existe un día da liberdade de prensa, imaxine vostede porque será.

Gustaríame espertar unha mañá e poder coller un glosario de efemérides onde se puidera ler: día do racismo, día da guerra, día da explotación laboral, día da pederastia, día da especulación bolsista, día do cacique, día da especulación urbanística, día das comisións ilegais, día da hipocrisía, día da materia de relixión... Prométolle que participaría en tódolos actos.

Carpe Diem

ANXOS SUMAI

O DÍA DESPOIS

¿Que acontece despois de calquera Día Mundial? Dedicámoslle un día enteiro ás mulleres afganas, ós meniños, ós indíxenas, ós diabéticos, e ó seguinte espertamos, lavámo-la cara, almorzamos e saímos á rúa gobiados polas nosas pequenas traxedias persoais. ¿E en que quedou o día anterior? Temos moito que reivindicar e hai millóns de persoas politicamente invisibles polas que da-la cara; hai centos de razóns polas que estar furioso, hai moito lixo agochado trala globalización, a biotecnoloxía ou a liberalización dos mercados. En fin, algo podrece debaixo das táboas do novo escenario no que vivimos e o que facemos é ventilalo un día ó ano, para seguírmo-la nosa rutina nun mundo feliz e inmaculado coma un vestido de primeira comuñón. Total: xa lle dedicamos ¡un día enteiro! ás causas máis dispares e máis terribles, un día que nos distraeu de nós e de toda responsabilidade cos demais.

E nós, tan intelixentes e posuidores dun poderoso instinto de conservación e superación dedicámoslle un día ó ano á lembranza dos que morren e non deberían morrer así, á penuria e á dor, á agonía do planeta, ás minorías e ás maiorías esmagadas. Somos tan espelidos que institucionalizamos estas simples manobras para distrae-la nosa conciencia individual e a nosa culpabilidade colectiva. Gustaríame que cambiasemos de actitude e, en lugar de dedicarlle un día ó ano ó que sexa, pensasemos en condicional e imaxinasemos como irían as cousas se o día menos pensado alguén decidise parar, ver e investir en humanidade tanta intelixencia distraída en proxectos ás veces inxustificables.

Sinto a actitude pesimista das últimas semanas, sinto ser un anxo derrotado e sen moito sentido do humor, unha rosmona apocalíptica. Só nos merecemos un final catastrófico, un día de nome rimbombante e pretensioso como estas grandes celebracións: o día do xuízo final. E namentres, que cada quen viva no seu día a día unha vida sen día seguinte.

Camiño ó andar

A posibilidade da predestinación é a máis dolorosa incognita da existencia.
Un pode dedicar toda a vida a pensar se o destino está feito ou está por facer e só conseguirá perder un tempo valiosísimo. As casualidades, boas e malas, existen e poden ser sospeitosas, pero a vida é inocente ata que ninguén demostre o contrario e o camiño faise ó andar.

Camiño ó andar

ROBERTO RIBAO

O DESTINO E AS CENTOLAS

¿Estamos predestinados cando nacemos ou somos resultado do azar? Difícil disxuntiva cando aínda non somos quen de respostar a estoutra pregunta do millón: ¿quen somos, de onde vimos, a onde imos? Xa que logo, ¿se non sabemos quen carallo somos, como imos saber acerca do noso devir existencial? Só podemos abordar este tema desde a ficción. Como se veu facendo historicamente. Vou inventar unha explicación posible.

Existe un Ser Supremo, infalible, ubicuo e todopoderoso que un día decidiu crear o mundo e enchelo de bolas que levitan nun espacio etéreo e escuro. Algunhas bolas están enchufadas e serven de iluminación ás outras. Despois de chiscar os dedos o Ser Supremo, nunha destas bolas apareceron un cento de cousas, algunhas delas certamente estrañas e exóticas, como os seres humanos, as centolas e os eucaliptos (primeiros vestixios do que despois coñeceríamos por maxia). O Ser Supremo decidiu que o ser humano tivera unha maior competencia que os demais seres, converténdose axiña no ser máis supremo despois do Ser Supremo (primeira designación a dedo da historia, feito que non gustou nada ós outros seres, sobre todo ás centolas). Pero seica os humanos colleron aires de grandeza e contraviron ó Ser Supremo. Entón este, amolado, decidiu castigalos e sometelos de por vida a soportar unha explicación sobre a súa existencia. Isto materializouse nunha serie de normas recollidas, primeiro burdamente sobre pedra, e despois sobre outros materiais máis lixeiros, transportables e difundibles. Este feito milagreiro foi aproveitado por outros seres humanos para inventar e difundir outras explicacións existenciais, algunhas semellantes, outras distintas, da explicación do Ser Supremo. Algunhas eran tan diferentes que ata inventaron un Ser Supremo distinto. Outras chegaron a ser máis extravagantes, ó contemplaren a posibilidade de que houbera máis dun ser supremo (primeira coalición de goberno existencial da historia). As distintas correntes literarias que ficcionaron sobre a existencia comezaron a pelexar entre si. A disputa consistía en saber cal das múltiples ficcións era a real e verdadeira (primeira estupidez da historia). Incomprensiblemente, aínda hoxe seguen os humanos pelexando polo mesmo. Só que agora é unha estupidez globalizada.

Destino, azar, "big bang", predestinación, determinismo histórico, evolución, reencarnación, casualidade... Son unha chea de productos que están á súa disposición no hipermercado existencial máis achegado ó seu domicilio, ó carón mesmo das centolas (curiosa coincidencia que depara o destino). E vou permitirme a licencia de aconsellarlle que escolla a miña ficción. Porque canto máis se venda, máis rico me fago.

Camiño ó andar

ANXOS SUMAI

BAILANDO Ó SON DO DESTINO

Cando me crucei con el na escaleira sabía que me ía dicir xusto iso: "Ola, chámome Óscar". Hai pouco lin en Tempos difíciles de Dickens unha adiviña ben rara; sorprendentemente, á mañá seguinte, escoiteilla a un locutor nun programa de radio. Ás veces soño con números que a fin de semana, en combinacións impredicibles, saen premiados nalgunha lotería; ás veces soño que me toca a lotería. Ou penso en alguén de repente, en alguén que hai anos que non vexo, e atópoo na rúa. Ou escribo un conto e ó pouco un descoñecido nun tren relátame a mesma historia… Hai veces que intúo que o universo ten un ritmo, unha melodía que se repite eternamente e da que, de cando en cando, podemos percibir unhas poucas notas soltas. Quizais sexan casualidades, pero cando as casualidades son cíclicas podemos acabar pensando que o destino está escrito nalgures e que esas coincidencias son preciosas filtracións do futuro. Pero eu négome a ver así a miña vida: predestinada. (Neste momento Carlota mírame por debaixo do seu pelo negro e, con ese sorriso encantadoramente malvado, dime: "Anxiños, o destino existe").

Eu só creo no destino que podemos elixir manexando as circunstancias que nos condicionan. Fronte á imposición xenética, económica, social ou de calquera outro tipo quédannos dúas opcións: deixarnos levar pola inercia do inevitable ou tirarlle proveito á escasa marxe que nos queda para dármoslle a volta ó que se supón, precisamente, inevitable. Aínda que sempre nos quedará a dúbida de se, elixámo-la opción que elixamos, non acabaremos no mesmo sitio. E mesmo nos podemos preguntar se a nosa elección influirá no destino persoal dos que nos rodean, como víctimas dunha especie de efecto dominó. Ó mellor todo acontece dentro dunha orde e calquera ferida profunda, calquera movemento imprevisto, altera o ritmo da melodía universal ou perturba a Forza, que diría un cabaleiro Jedi. Entón é cando no noso acontecer diario se producen "coincidencias", cando a intuición aparece como un apuntador, un vello apuntador de teatro, indicándono-lo que debemos facer.

Ás veces penso, que de ter tempo e vagar, podería observa-lo ritmo da melodía universal e converteríame nunha auténtica adiviñadora. Ás veces penso que somos xoguetes dun neno cruel ou fantasmas dun poeta namorado da morte. Pero sei que non estamos predestinados, que só é cuestión de decidir. Non sei a onde vou. Tampouco sei a onde vai a humanidade. Aínda que, como diría Mafalda: "Total… se supone que no hay nadie esperándola en ninguna parte, ¿no?".

A gaiola de cristal

Os peixes non teñen memoria e iso lles salva de volverse tolos a voltas nas peceiras. Se o marisco ten memoria seguro que sinte medo cando alguén o sinala cun dedo e o camareiro se achega cunha rede á parte aberta da gaiola de condenado, onde agarda pola fin.

A gaiola de cristal

ROBERTO RIBAO

PROXECTO AMSTERDAM

Nécora: ¿Que carallo miras?
Turista: ¿Es a mi?
Nécora: Si, pailán. ¿A quen vai ser?
Turista: Oye, Mari, ven a ver esto.
Nécora: O que faltaba, atracción circense.
Turista: Escucha, cariño, una centolla que habla.
Mari: Antonio, que aún no bebiste nada.
Turista: Te juro que me acaba de hablar la centolla esa.
Mari: (marchando) Anda, déjate de coñas y vamos ver la catedral.
Nécora: Por riba, incultos. ¡Son unha nécora, non unha centola!
Turista: ¡Mari! ¡La que habla es una nécora!

Se as nécoras falasen, ¿teriámolas metidas en peceiras para o noso deleite visual? Probablemente non, porque se organizarían en sindicatos e defenderían o seu dereito á intimidade, a non estaren secuestradas, a non sentirse esmagadas por centolas, lagostas e lumbrigantes. Ou, cando menos, a que as peceiras tiveran unhas mínimas condicións de habitabilidade. Pero iso, ós humanos, danos igual. Porque, se devecemos e somos quen de nos recrear coas intimidades dos outros humanos, canto non faremos cos crustáceos.

Ante o malestar que sinto por este tema, vou propor a creación da AGADIN (Asociación Galega para a Defensa á Intimidade das Nécoras). A súa primeira acción podería denominarse "Proxecto Amsterdam". Consistiría en que, antes de que calquera comensal proceda a degustar unha nécora nun restaurante, lle sexa repartido un texto informativo onde se lle comunique que a devandita nécora foi antes prostituída publicamente nun escaparate.

Nécora: ¡Oe, colega, ven tomar un vaso e uns camaróns!
Roberto: ¡Como non, compañeira!

A gaiola de cristal

ANXOS SUMAI

A CRUELDADE DA GULA

A pobre lamprea flotando case inmóbil, extraendo da auga atoldada un pouquiño de enerxía para manterse viva, con esa espantosa boca aberta que me fai pensar nos vermes de area de Arrakis. É realmente un ser feo pero non podo deixar de miralo entenrecida e apesarada polo seu esgotamento, o seu escaso espacio vital, sabendo que será cociñada no propio sangue para satisface-lo padal humano. Debaixo dela, apegados ó chan do viveiro, amoréanse centolas, nécoras e unha lagosta amolada. Paréceme albiscar, nun movemento brusco dun dos crustáceos, unha vertixe triste e furiosa. É moi difícil ignoralos e non ficar pampos ante o seu descoñecemento do futuro que os espera. A min, evidentemente, non é algo que me guste ver, pero aínda os vin en condicións peores, pendurados dunha tanza nos escaparates-expositores dos restaurantes de Lisboa. Non sei canto tempo poden vivir fóra da auga, pero seguro que se ninguén os elixe para comer, volverán mergullalos e ó día seguinte revivirán a agonía.

Ver estas cousas déixame sen fame. Hai algún tempo un propietario dunha antiga conserveira comentoume que aborreceu o polbo cando unha noite, en que descargaran moreas deles na fábrica, tivo que erguerse porque lle pareceu escoitar ruídos. Cando chegou á nave atopou centos de polbos postos de pé, mudándolle a cor de violeta a marrón, agonizantes. Pareceulle un espectáculo estarrecedor. A min aconteceume algo semellante cos polos, porque o meu avó tiña unha granxa enorme na que criaba milleiros deles, e cada vez que vía marchar cara o matadoiro os camións cheos de pitos, todos brancos e todos asustados apertados contra as gaiolas, non podía deixar de pensar nas cámaras de gas. É certo, só eran polos, só eran polbos, só son mariscos, pero hai quen non pode atura-los berros dun porco cando lle espetan o coitelo no corazón aínda que despois como as morcillas con auténtico pracer.

O que quero dicir é que non vexo a necesidade de expoñe-las víctimas da nosa gula nos escaparates, porque o que facemos é engadirlle á gula unha crueldade innecesaria. Non sei. É como se nos pedisen que elixisémo-lo año que despois imos comer en costeletas, ou o leitón que enguliremos cun bo viño. Pero que vou dicir eu se, o mesmo que a Sigourney Weaver, aconteceume que cheguei a sentir compaixón por Alien. Ademais, non me gusta o marisco.